

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo de convocatoria:

Ordinaria

Data:

18 de decembro de 2025

Duración:

Desde as 20:32 ata as 22:55 horas

Lugar:

Salón de plenos

Presidida por:

María Dolores Castiñeira Alén

Secretaria:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SI
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SI
***9999**	Iván Lorenzo Rodríguez	SI
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SI
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SI
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SI
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SI
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SI
***1083**	Salustiano Guerra García	SI
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SI
***7850**	Selene González Luis	SI
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SI
***7909**	Óscar Domínguez Sequeiros	SI

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na Orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA



Aprobación da acta da sesión anterior

Acta Pleno número 9/2025, ordinaria do 28 de agosto.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2025/9 ordinaria do 28 de agosto enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2025/9, ordinaria do 28 de agosto; sendo **aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE concelleiros/as asistentes neste intre á presente a sesión.**

Acta Pleno número 10/2025, extraordinaria do 2 de outubro.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2025/10 extraordinaria do 2 de outubro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2025/10, extraordinaria do 2 de outubro; sendo **aprobada por ONCE VOTOS A FAVOR dos Sres./Sras. Concelleiros/Concelleiras Rodríguez Canosa, Pérez Cabaleiro, Lorenzo Rodríguez, Gregorio Vaqueiro, Fernández Pérez, Troncoso Estévez, Castiñeira Alén, Guerra García, Rodríguez Davila, González Luis e Rocha Núñez; e UNHA ABSTENCIÓN do Sr. Concelleiro Núñez Troncoso, por non asistir á sesión.**

Expediente 3050/2025. Declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ás obras consistentes en: reparación na rede de subministro da Feira

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Sr. Rodríguez Canosa: Se lles parece ben aos grupos podemos debater os catro puntos ao mesmo tempo e despois faranse as votacións por separado.

No punto dous, tres, catro e cinco son catro declaracións de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancia sociais, isto xa se trouxo a máis plenos, a Ordenanza do ICIO recolle e a posibilidade da bonificación do 95 % para as obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal. No Pleno de hoxe traemos catro obras, as catro traídas de augas veciñais, a primeira delas é na traída da Feira e do que se trata a obra é de reparacións en distintas arquetas, unha arqueta na Noveleira, outra na Formiga e outra nas Veiguiñas.



Por outra banda, no seguinte expediente 3052, trátase de reparacións na rede de Parderrubias, na que van facer a substitución de 450 metros lineais de tubaxe no barrio de Maceira.

No seguinte, no expediente 3058, correspóndelle á traída da Picoña e, neste caso, será tamén cambio de tubaxe de 370 metros no barrio do Loureiro. E, por último, no punto número cinco, que é o expediente 3061, tamén é outra substitución de tubaxe, desta vez no barrio de Casás, en San Xurxo.

Coas bonificacións os importes que se bonificarían aquí corresponden ao 95 % do ICIO e serían de 272,56 € no caso da Feira, no punto 2; no punto 3 serían de 321,55 € correspondentes ás reparacións da traída de Parderrubias, no punto 4 da traída da Picoña, 293,92 € que serían bonificados e, no último punto, para a traída de San Xurxo serían bonificados 268,11 €.

Sr. Núñez Troncoso: Como dicía o concelleiro de área estas son catro obras de catro traídas municipais que no seu día optaron á subvención da Deputación provincial e obtiveron estas catro axudas, catro subvencións. Como se dixo ben, hai unha bonificación que se pode aplicar no ICIO, neste caso do 95 %, grazas a que se aprobou unanimemente no Pleno de outubro de 2016 aínda que xa este Grupo con anterioridade, en varias ocasións, tiña formulado esta bonificación que o permite á normativa. Pouco máis que dicir, son importes que se bonifican, son cantidades pequenas, pero todo suma, entre 250 e 300 euros o importe da bonificación. O noso voto vai ser favorable ás catro.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Como todas as bonificacións para traídas de auga a entidades sen ánimo de lucro, por suposto estamos a favor das pertinentes bonificacións e noso voto será favorable.

Sr. Guerra García: Está contemplado na Ordenanza fiscal, nada que discutir, totalmente a favor e ter a sorte de que temos traídas veciñais nas parroquias.

Sra. Alcaldesa: Dá lectura á proposta de acordo seguinte:

“Vista a instancia presentada por D^a. 35550288Q FILOMENA GONZÁLEZ MARTÍNEZ, no nome e representación da G36175057 COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DA FEIRA 2025-E-RE-2671 27/11/2025 11:35 de:

EXPÓN:

CON MOTIVO DA SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS

SOLICITA:

A BONIFICACIÓN PERTINENTE DOS GASTOS CORRESPONDENTES ÁS TAXAS

Vista a providencia de Alcaldía polo que se inicia expediente de bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor de construcións, instalacións ou

obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.

Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada a *Reparación na rede de subministro da Feira*, segundo a Memoria descritiva e demais documentación que consta no expediente 3050/2025, polo que pode considerarse obra de clara utilidade pública, por concorrer circunstancias de carácter social, ao tratarse dunha obra que afecta a unha competencia propia do municipio de conformidade co artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante LRBRL) que dispón que:

«O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...)

c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.* (...).

Tratándose, ademais, dun servizo de prestación obrigatoria en todos os municipios, artigo 26.1.ª da LRBRL:

«a) *En todos os municipios: iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas*».

Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do Concello de Salceda de Caselas e no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante o disposto no informe conxunto de Intervención núm. 2025-291 e de Tesourería núm. 2025-479.

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño a Pleno adoptar o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Que se declaren de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais as obras consistentes en: *Reparación na rede de subministro da Feira*, segundo a Memoria descritiva e demais documentación que consta no expediente 3050/2025, a solicitude de D.ª 35550288Q FILOMENA GONZÁLEZ MARTÍNEZ, no nome e representación da G36175057 COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DA FEIRA mediante escrito recibido con data 27/11/2025 (2025-E-RE-2671).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que



procedan.”

VOTACIÓN: Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade de doce votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais as obras consistentes en: *Reparación na rede de subministro da Feira*, segundo a Memoria descritiva e demais documentación que consta no expediente 3050/2025, a solicitude de D.ª 35550288Q FILOMENA GONZÁLEZ MARTÍNEZ, no nome e representación da G36175057 COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DA FEIRA mediante escrito recibido con data 27/11/2025 (2025-E-RE-2671).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan.

Expediente 3052/2025. Declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ás obras consistentes en: reparación na rede de subministro de Parderrubias	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Sra. Alcaldesa: Dá lectura á proposta de acordo seguinte:

“Vista a instancia presentada por D. 35562538F RAMIRO PÉREZ ESTÉVEZ, no nome e representación da COMUNIDADE DE TRAÍDA DE AUGAS DE PARDERRUBIAS con NIF G36219996 2025-E-RE-2675 27/11/2025 12:17 na que:

EXPÓN:

CON MOTIVO DA SOLICITUDE DE PERMISO DE OBRA

SOLICITA:

QUE SE APLIQUE A BONIFICACIÓN NAS TAXAS CORRESPONDENTES

Vista a providencia de Alcaldía pola que se inicia expediente de bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.



Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada a *Reparación na rede de subministro de Parderrubias*, de conformidade coa Memoria das obras e demais documentación que integra o expediente 3052/2025, polo que pode considerarse obra de clara utilidade pública, por concorrer circunstancias de carácter social, ao tratarse dunha obra que afecta a unha competencia propia do municipio de conformidade co artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante LRBRL) que dispón que:

«O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...)

c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.* (...).

Tratándose, ademais, dun servizo de prestación obrigatoria en todos os municipios, artigo 26.1.ª da LRBRL:

«a) *En todos os municipios: iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas*».

Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do Concello de Salceda de Caselas e no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante o disposto no informe conxunto de Intervención núm. 2025-293 e de Tesourería núm. 2025-481.

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Que se declaren de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais as obras consistentes en: *Reparación na rede de subministro de Parderrubias*, de conformidade coa Memoria das obras e demais documentación que integra o expediente 3052/2025 a solicitude D. 35562538F RAMIRO PÉREZ ESTÉVEZ, no nome e representación da COMUNIDADE DE TRAÍDA DE AUGAS DE PARDERRUBIAS con NIF G36219996 mediante escrito recibido con data 27/11/2025 (2025-E-RE-2675).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal do devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan.”

VOTACIÓN: Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade de



doce votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Que se declaren de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais as obras consistentes en: *Reparación na rede de subministro de Parderrubias*, de conformidade coa Memoria das obras e demais documentación que integra o expediente 3052/2025 a solicitude D. 35562538F RAMIRO PÉREZ ESTÉVEZ, no nome e representación da COMUNIDADE DE TRAÍDA DE AUGAS DE PARDERRUBIAS con NIF G36219996 mediante escrito recibido con data 27/11/2025 (2025-E-RE-2675).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan.

Expediente 3058/2025. Declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais as obras consistentes en: reparación na rede de subministro da Picoña	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Sra. Alcaldesa: Dá lectura á proposta de acordo seguinte:

“Vista a instancia presentada por D. 35547996R DIONISIO CARRACEDO RODRÍGUEZ, no nome e representación da COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE USOS DOMÉSTICOS DA PICOÑA con NIF G36151157 2025-E-RE-2679 27/11/2025 13:32 que:

EXPÓN:

CON MOTIVO DA SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

SOLICITA:

QUE SE CONCEDA A BONIFICACIÓN DAS TAXAS CORRESPONDENTES

Vista a providencia de Alcaldía polo que se inicia expediente de bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustificuen tal declaración.

Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada a *Reparación na rede de subministro da Picoña*, de conformidade coa Memoria das obras e demais documentación que integra o expediente 3058/2025, polo que pode considerarse obra de clara utilidade pública, por concorrer circunstancias de carácter social, ao tratarse dunha



obra que afecta a unha competencia propia do municipio de conformidade co artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (en diante LRBRL) que dispón que:

«O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...)

c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.* (...).

Tratándose, ademais, dun servizo de prestación obrigatoria en todos os municipios, artigo 26.1.ª da LRBRL:

«a) *En todos os municipios: iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas*».

Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do Concello de Salceda de Caselas e no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante o disposto no informe conxunto de Intervención núm. 2025-292 e de Tesourería núm. 2025-480.

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Que se declaren de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais as obras consistentes en: *Reparación na rede de subministro da Picoña*, de conformidade coa Memoria das obras e demais documentación que integra o expediente 3058/2025, a solicitude D. 35547996R DIONISIO CARRACEDO RODRÍGUEZ, no nome e representación da COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE USOS DOMÉSTICOS DA PICOÑA con NIF G36151157 mediante escrito recibido con data 27/11/2025 (2025-E-RE-2679).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal do devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan.”

VOTACIÓN: Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade de doce votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Que se declaren de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais as obras consistentes en: *Reparación na rede de subministro da*

Picoña, de conformidade coa Memoria das obras e demais documentación que integra o expediente 3058/2025, a solicitude D. 35547996R DIONISIO CARRACEDO RODRÍGUEZ, no nome e representación da COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE USOS DOMÉSTICOS DA PICOÑA con NIF G36151157 mediante escrito recibido con data 27/11/2025 (2025-E-RE-2679).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan.

Expediente 3061/2025. Declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais as obras consistentes en: reparación na rede de subministro de San Xurxo	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Sra. Alcaldesa: Dá lectura á proposta de acordo seguinte:

“Vista a instancia presentada por D. 35559179Y WENCESLAO LEMOS GIRÁLDEZ, no nome e representación da COMUNIDADE USUARIOS DE SAN XURXO-SALCEDA con NIF G36283554 2025-E-RE-2683 27/11/2025 15:59 de:

EXPÓN:

CON MOTIVO DA SOLICITUDE DE PERMISO DE OBRAS

SOLICITA:

QUE SE BONIFIQUEN AS TAXAS CORRESPONDENTES

Vista a providencia de Alcaldía polo que se inicia expediente de bonificación do 95 % Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.

Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada a *Reparación na rede de subministro de San Xurxo*, de conformidade coa Memoria das obras e demais documentación que integra o expediente 3061/2025, polo que pode considerarse obra de clara utilidade pública, por concorrer circunstancias de carácter social, ao tratarse dunha obra que afecta a unha competencia propia do municipio de conformidade co artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante LRRL)



que dispón que:

«O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...)

c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.* (...).

Tratándose, ademais, dun servizo de prestación obrigatoria en todos os municipios, artigo 26.1.ª da LRBRL:

«a) *En todos os municipios: iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas*».

Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do Concello de Salceda de Caselas e no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante o disposto no informe conxunto de Intervención núm. 2025-290 e de Tesourería núm. 2025-478.

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ás obras consistentes en: *Reparación na rede de subministro de San Xurxo*, de conformidade coa Memoria das obras e demais documentación que integra o expediente 3061/2025 a solicitude D. 35559179Y WENCESLAO LEMOS GIRÁLDEZ, no nome e representación da COMUNIDADE DE USUARIOS DE SAN XURXO - SALCEDA con NIF G36283554 mediante escrito recibido en data 27/11/2025 (2025-E-RE-2683).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan."

VOTACIÓN: Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade de doce votos a favor, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ás obras consistentes na: *Reparación na rede de subministro de San Xurxo*, de conformidade coa Memoria das obras e demais documentación que integra o expediente 3061/2025 a solicitude D. 35559179Y WENCESLAO LEMOS GIRÁLDEZ, no nome e representación da COMUNIDADE DE USUARIOS DE SAN XURXO - SALCEDA con NIF



G36283554 mediante escrito recibido con data 27/11/2025 (2025-E-RE-2683).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal do devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan.

Expediente 2267/2025. Aprobación inicial da Ordenanza de uso da lingua galega no Concello de Salceda de Caselas	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Traemos aquí a este Pleno a aprobación da Ordenanza de uso da lingua galega no Concello de Salceda de Caselas. Comentar que en Galicia non existe unha obriga legal directa específica polo que os Concellos teñamos o deber de aprobar unha ordenanza que regule o uso da lingua galega, pero si que existen textos legais que promoven e recomentan activamente a súa adopción no marco da protección e da promoción da nosa lingua, nomeadamente, o marco máis representativo que é o Estatuto de Autonomía de Galicia do 1981 e a Lei 3/1983 de normalización lingüística.

O Estatuto de Autonomía de Galicia recolle xa no seu artigo 5.1 e establece que a lingua propia de Galicia é o galego. Así mesmo, tamén o artigo 5.3 establece que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e dispoñerán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Tamén a Lei 3/1983 de normalización lingüística do ano 1983, creo que é importante remarcar isto, establece no seu artigo 6.3 que os poderes públicos de Galicia entre os que están incluídos os concellos promoverán o uso normal da lingua galega oralmente e por escrito nas súas relacións coa cidadanía. Con esta finalidade, tanto a Xunta de Galicia como a Deputación provincial incentivan así os concellos por medio de distintas subvencións para dotalos tanto de servizos de normalización lingüística como de orzamento para distintas actividades de dinamización e normalización lingüística. Ademais destas dúas cuestións, tamén a Secretaría Xeral de Lingua da Xunta de Galicia, que antes era coñecida como a Secretaría Xeral de Política Lingüística, leva anos tamén promovendo que os concellos aproben ordenanzas de normalización lingüística, así, no Plan Xeral de Normalización Lingüística, que se aprobou por unanimidade no Parlamento Galego no ano 2004 no que atinxe ao sector 1 referido á Administración pública e ás administracións locais, recolle como medida para normalización lingüística establecer que todos os departamentos e organismos dependentes das deputacións e concellos, as oficinas de atención ao público, as instalacións deportivas, as televisións e radios municipais, servizos de augas etc., teñan a lingua galega como lingua xeral de referencia oral e escrita.

Pois vistos estes antecedentes, cremos que para garantir a normalización da lingua galega



desde o Concello de Salceda como Administración pública e, ao final, unhas das administracións máis próximas á poboación e á veciñanza, recorrer á elaboración dunha Ordenanza de uso da lingua galega. Esta Ordenanza consta de 13 capítulos e nesta recóllense todas e cada unha das medidas que se adoptarán en canto ao uso da lingua galega así como tamén a castelá como lingua oficial xunto co galego na Comunidade Autónoma de Galicia. Moitos Concellos da nosa contorna contan xa cunha ordenanza de normalización lingüística, se nos vamos á provincia de Pontevedra dos 61 concellos 38 teñen xa aprobadas a día de hoxe unha ordenanza de normalización lingüística. É por iso que hoxe traemos a este Pleno esta ordenanza, unha disposición de carácter xeral e que regula os usos da lingua galega no ámbito territorial que nos atinxe que é o municipal e que abrangue diferentes ámbitos, documentación e actuación administrativa, atención ao público, publicacións, accións formativas e informativas, actividades públicas, compras de bens e materiais, encargo e contratación de servizos e relación coas empresas, sinalización, relación con outras administracións, toponimia etc., e entre elas tamén as funcións do servizo de normalización lingüística recentemente creado.

Esta ordenanza, de acordo co estipulado na Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, respecta a Constitución española, respecta o Estatuto de Autonomía de Galicia e recolle as disposicións referentes ao uso da lingua da Lei 3/1983 de normalización lingüística de Galicia.

Neste intre incorporase ao salón de plenos o concelleiro Sr. Domínguez Sequeiros.

Sr. Rodríguez Canosa: Esta ordenanza, como ben dixen, ben a completar o novo Servizo de Normalización Lingüística creado no pasado mes de agosto por primeira vez neste Concello, que conta cunha persoa técnica para atendelo e que está dispoñible á hora de asesorar a todo o tecido asociativo, a toda a veciñanza en xeral e tamén, se o precisan, aos grupos municipais da Corporación.

Respecto do contido da ordenanza, aquí gustaríame introducir unha petición que fixo o BNG e creo que podemos acollela todos os grupos e entendo que así xa se podería publicar a aprobación inicial con este novo texto e que paso a ler: no referente do artigo 8, mudar o texto actual, que figura no expediente da ordenanza, e mudalo por “todo material que difunda o Concello a través de calquera soporte, sexa dixital ou físico, sexa de elaboración propia ou de colectivos veciñais, serán redactados obrigatoriamente en galego” e incluír unha disposición transitoria co seguinte texto: “No prazo máximo de seis meses desde a aprobación definitiva da presente ordenanza, o Goberno local deberá proceder a substituír a sinalización viaria de competencia municipal que non cumpra cos topónimos oficiais, e no mesmo período, o Goberno local deberá ter solicitado das administracións que correspondan a substitución da sinalización viaria competencia desas administracións que non cumpra cos topónimos oficiais.”

Sra. Pérez Cabaleiro: Iamos a empezar esta intervención dicindo que o noso grupo estaba completamente de acordo cunha ordenanza en que se recoñecese e se potenciase a lingua galega para o seu uso oficial e que estea presente en todos os documentos e materiais públicos deste Concello e en xeral de todas as administracións, como dicía, e que todos poidamos contribuír atractivamente á promoción e á súa difusión, porque iso é básico no

noso territorio; pero, obviamente, se se vai a incluír a emenda, neste caso, que se mandou polo grupo de portavoces por parte do compañeiro Tano, vamos a votar completamente en contra desta ordenanza.

Primeiro nós queremos pedir a eliminación do artigo 8 debido a que queremos manifestar o noso posicionamento en contra da plataforma Salceda Móvese, xa que se trata dunha iniciativa creada sen ningún tipo de consenso coa Corporación municipal, nunca se trouxo a Pleno, nunca houbo ese consenso, en ningún momento se pediu a valoración nin foi aprobada, polo que, obviamente carece do respaldo institucional necesario. Consideramos que é unha plataforma completamente utilizada como unha ferramenta propagandística do partido que actualmente goberna este Concello, algo que resulta completamente evidente polo nome da mesma, Salceda Móvese, e pola falta de consenso e participación por parte de todos e cada un dos partidos políticos desta Corporación. Entendemos que Salceda Móvese en realidade non representa o conxunto da Corporación e moito menos a veciñanza, senón unicamente os intereses dun partido político concreto. Creo que a base e a riqueza do galego e do seu pobo está precisamente en que non se impón, non existe a imposición, porque pertencemos un país, España, cunha lingua común e temos a sorte de nacer, vivir e criarnos nunha comunidade como Galicia, cunha lingua propia oficial, o Galego, e esa liberdade é a que permite que todos os nenos e os adultos, especialmente, como dicía, desde a base, aprendan a lingua con naturalidade e que os adultos se sintan motivados para potenciar, así, o seu uso diario nas súas casas, nas aulas, nos seus postos de traballo. Está nas nosas mans que o galego non se perda, debemos fomentalo e, obviamente, valorizalo máis, pero non forzarnos e forzar a outra xente a utilizalo de forma completamente obrigatoria como pon o artigo que pretenden incluír agora que é que “toda elaboración propia ou das asociacións veciñais serán redactados obrigatoriamente en galego”. Este non debe ser o único vehículo de comunicación e as asociacións poden utilizar o galego e tamén poden utilizar o castelán porque ambas son as linguas que podemos utilizar na nosa comunidade. En definitiva, obviamente, máis galego libre e, sobre todo desfrutado, defendamos a nosa lingua e, sobre todo, fagámolo sen imposicións.

Sr. Gregorio Vaqueiro: A nosa discrepancia estaba tamén no artigo 8, xa que entendíamos que introducir unha plataforma en concreto cun nome en concreto significaba excluír a todas as asociacións e colectivos que non quixesen formar parte desa plataforma. Entendemos que, á parte de calquera das asociacións que está dentro da plataforma Salceda-Móvese, deben estar xente de plataformas que non forman parte, hai asociacións de ámbito supramunicipal que teñen xente de Salceda e non participan desa plataforma, entón, era a nosa discrepancia basicamente con esta ordenanza, a inclusión en concreto diso.

Con respecto á emenda do BNG, nós entendemos que fomentar o galego tampouco significa evitar que se utilicen outros idiomas, pero deixemos ao compañeiro Tano que se explique.

Sr. Guerra García: Este xa é un debate de vello, non? A lingua si, defendémola e querémola e tal, e afogámola ao mesmo tempo de tanto cariño. Se este Concello se manifesta, a través desta ordenanza, que a súa lingua oficial en contacto coa súa cidadanía é o galego, non sabemos por que se pretenden abrir portas a que por aquí se cole calquera cousa, iso é o de sempre, bilingüismo harmónico, xa estamos afeitos ao tema. O da plataforma Móvese nos entendiamos que había que retiralo de aquí, precisamente creo que estamos moitos de



acordo en que non foi un tema consensuado nesta Corporación, cremos que coa proposta que fixemos desaparece a referencia a plataforma Móvese, simplemente o que queremos deixar constancia é que o Concello pode difundir material propio, material que teña das asociacións veciñais e que o teña que facer en galego, por suposto.

A nós tamén nos preocupaba meter esta transitoria porque temos denunciado xa hai tempo que, dentro do termo municipal e da sinalización do propio Concello, hai sinalización que non cumpre a Lei da toponimia, entón eu creo que é un bo momento coa aprobación desta ordenanza para dar un paso e corrixir un desleixo institucional que leva aí xa uns poucos anos nalgunhas das nosas rúas ou camiños.

Alegrámonos de que esta ordenanza poida saír adiante e en todo caso dicímoslle á señora Alcaldesa que a próxima carta que mande aos veciños felicitándolles o Nadal a someta ao Servizo de Normalización Lingüística para evitar os erros.

Sr. Rodríguez Canosa: Con respecto da emenda do BNG, engadir tamén que o propio concelleiro Tano Guerra xa o propuxo na Comisión, polo tanto si que a críamos acáida e cremos que os diferentes grupos tiveran tempo para debatela internamente e por iso propomos o cambio directamente aquí no Pleno. Dicirlle o Tano que comezaremos ese traballo de substitución e tamén lle agradezo que se detecta erros que pode comunicárnolos que ao mellor nos escapa algo e a idea que todo estea o máis correcto posible.

E no que respecta ao PP, non entendo, debían traer o discurso preparado porque precisamente ese cambio no artigo 8, esa opción de emenda do BNG, xa elimina o que se falaba da plataforma Salceda Móvese, que non vou a entrar a valorar porque penso que non corresponde a este momento. No que respecta a permitir o castelán, como dixo o compañeiro Tano, xa é un conto que vén de vello, non sei se escoitastes algunha vez falar da discriminación positiva, falar de linguas minorizadas, ás veces noutros temas falamos moito de discriminación positiva e parece que no galego non o queremos facer, pero si de cara á galería dicimos que o galego non morra, o galego é a nosa lingua, a lingua propia de Galicia, pero cando é a realidade o que facemos é priorizar o castelán e converter o galego nunha lingua, que antes era maioritaria e por desgraza grazas ao PP e á Xunta do PP agora é unha lingua minoritaria e ademais tamén minorizada pola propia Xunta do PP, basta con entrar nas canles oficiais da Xunta, ao final a primeira lingua que se aparece é sempre o castelán, ti si queres elixir o galego tes que buscar a opción de atopar onde está a opción do galego, que adoita estar bastante escondida, e darlle aí a galego. Iso pasa na Deputación de Pontevedra, pasa na web da Xunta de Galicia e pasa na meirande parte dos concellos gobernados polo PP. Polo tanto, que veña o PP a falar de defensa da lingua... A verdade é que é un pouco curioso.

E, polo que respecta ao resto, nada máis. De acordo co compañeiro do BNG e de acordo co resto.

Sra. Pérez Cabaleiro: Reincidimos na idea de que non se inclúa o termo de “obrigatoriamente en galego” nesta ordenanza. Por outra parte, non comprendemos moi ben as risas por parte das concelleiras da oposición cando estamos falando da defensa do galego nin moito menos a que te refires cando dis que nós, o noso grupo, neste caso, municipal, defenda máis ou menos o galego porque creo que case todos os que están aquí



utilizan o galego como lingua prioritaria; pero resulta que tamén falan o castelán como segunda lingua porque, obviamente, é un idioma que nos pertence e que oficial na nosa terra. Entón, non entendo moi ben as vosas críticas e considero que o galego deféndese na rúa, pero que ten que ser libre e sobre todo desfrutado por todos e cada un dos que o falan.

Sra. Alcaldesa: Por certo, creo que te referías á risa de Selene e á miña, non nos fixo graza nada do que dixeches, o único que nos fixo graza foi o bilingüismo cordial de Tano.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Se se cambia o artigo 8, nós estamos a favor.

Sr. Guerra García: O Partido Popular pode xustificarse como queira. Desde que volveron a ter o goberno da Deputación ata a páxina de Deputación xa sae primeiro en castelán. Nas páxinas da Xunta de Galicia estiveron facendo todo o posible, agora xa hai que buscar onde se pode buscar a lingua galega, a páxina da lingua galega, ese é o Partido Popular, non é nada novo.

Sr. Rodríguez Canosa: Aclarar, Ana Cristina, eu non me meto e eu non vou a valorar cada persoa a lingua que utiliza. Eu compartín goberno na anterior lexislatura con persoas que eran castelánfalantes, non tiveron ningún problema. Eu ao que me refiro é ás institucións, institucións gobernadas polo Partido Popular, como dixen antes, exemplos, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra, que xa o comentou tamén o compañeiro Tano, ou os moitos concellos de Galicia que son gobernados polo PP. Falo diso, das institucións, de como funcionan esas institucións cando goberna o PP. Non, evidentemente, a lingua que utilice cada persoa, que, evidentemente, é libre de utilizar a que queira.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura á proposta de acordo seguinte:

“Vista a conveniencia de proceder á aprobación dunha ordenanza de uso da lingua galega no concello de Salceda de Caselas.

Visto o texto da nova ordenanza elaborada polo Departamento de Normalización Lingüística. Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0047 sobre o procedemento e a lexislación aplicable.

Visto o informe favorable da técnica de Normalización Lingüística de data 09.12.2025.

Vista a emenda presentada polo grupo mixto-BNG con data de 15.12.2025 (Rex. núm. 2025-E-RE-2884), aprobada previamente por este Pleno, que literalmente di:

“Artigo 8º.- Substituír o contido do texto polo seguinte:

Todos os materiais que difunda o concello, sexan de elaboración propia ou das asociacións veciñais, serán redactados obrigatoriamente en galego.

Incluír unha disposición transitoria co seguinte texto:

No prazo máximo de 6 meses desde a aprobación definitiva da presente ordenanza, o Goberno local deberá proceder a substituír a sinalización viaria de competencia municipal

que non cumpra cos topónimos oficiais.

No mesmo período, o Goberno local deberá ter solicitado, das administracións que corresponda, a substitución da sinalización viaria, competencia desas administracións, que non cumpra cos topónimos oficiais.”

Realizada a tramitación correspondente e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza de uso da lingua galega no Concello de Salceda de Caselas coa emenda presentada polo grupo mixto-BNG (Rex. núm. 2025-E-RE-2884).

SEGUNDO. Someter o texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentárense reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.”

VOTACIÓN EMENDA: Sometida a votación da emenda presentada polo Sr. Concelleiro do Grupo Mixto-BNG, Guerra García, esta resulta aprobada **por SETE VOTOS favor dos/as concelleiros/as do Grupo municipal MS (4), PSdeG-PSOE (2) e BNG (1) e SEIS VOTOS en contra dos/as concelleiros/as do Grupo municipal PP (6),**

VOTACIÓN ORDENANZA. Sometida a votación da aprobación a proposta de aprobación inicial da Ordenanza de uso da lingua galega, esta resulta aprobada **por SETE VOTOS favor dos/as concelleiros/as do Grupo municipal MS (4), PSdeG-PSOE (2) e BNG (1) e SEIS VOTOS en contra dos/as concelleiros/as do Grupo municipal PP (6), adoptado o seguinte**

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza de uso da lingua galega no Concello de Salceda de Caselas coa emenda presentada polo grupo mixto-BNG (Rex. núm. 2025-E-RE-2884).

SEGUNDO. Someter o texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

Expediente 2697/2025. Convenio entre a Secretaría do Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Salceda de Caselas de colaboración en materia de xestión catastral	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Traemos neste seguinte punto a renovación do convenio que ten subscrito a Secretaría do Estado de Facenda, Dirección Xeral do Catastro co Concello de Salceda de Caselas. Esta é unha renovación do convenio, o anterior convenio era xa un convenio bastante antigo, do ano 2001 e moita da lexislación actual que se aplica xa estaba desfasada e xa é posterior a ese convenio. Polo tanto, desde Catastro na última reunión de seguimento do convenio se nos pedía que fosemos renovando este convenio e aquí se trae a este Pleno. Ao final é un convenio de encomenda, vén a reflectir a realidade de que hai, digamos, que nos últimos anos hai respecto da xestión do Catastro e, simplemente aclarar que había algunha dúbida na Comisión, reitero, porque se falaba o método de comunicación de notificación, será NO SICER e había algunha dúbidas nos outros grupos e reitero que é un método de comunicación vía correos, vía postal, non vai ser electrónico, senón que vai ao sobre, como ata o de agora, digamos, o que si que pode ser electrónico é o modo das notificacións, e, sobre todo, a final un pouco a trazabilidade das notificacións á hora de seguila que pode ser electrónico, pero vai ser como ata o de agora. E na vixencia do convenio, a vixencia inicial será dun ano desde que se faga a sinatura do convenio e, despois, irá, pois, prorrogándose sucesivamente ata que algunha das dúas partes decida rescindir o convenio ou ata que se asine un novo convenio.

Sr. Núñez Troncoso: Como ben dixo o concelleiro de área, pois o que se pretende é modificar, renovar o anterior convenio que é de 2001; pero a verdade é que non vemos por ningún lado onde está a urxencia en formalizar este novo convenio, e máis aínda porque ten que ser a Alcaldesa que o solicite, porque así o está facendo, solicitando este novo convenio.

Nós do literal que vemos, do literal do que figura no borrador deste convenio, é que vai implicar unha maior carga de traballo para o persoal, de persoal xa estamos como estamos, e de novo un maior custo, se implica unha maior carga de persoal é necesario máis persoal, polo tanto, un maior custo. Como sabemos todos o noso Concello non está, digamos, que nunha situación moi boiante economicamente. Polo tanto, respecto ao convenio, pouco máis que dicir.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Entendemos que este convenio implica a aplicación da Lei 39/2005 e 40/2015 e que supón unha tramitación integral que ata o de agora non se miraba reflectida no anterior convenio. Falouse do tema de Correos SICER, implica a obriga de atención á cidadanía e xestión de puntos de información catastral polo que levamos estudado. Entendemos que é positivo e, non obstante, si temos a mesma dúbida que ten o compañeiro do Partido Popular de persoal suficiente para todo o que implica este novo convenio. É a única dúbida que temos, polo demais entendemos que é bastante máis vantaxoso xa que implica unha serie de aspectos que o anterior non incluía.



Sr. Guerra García: A nós parécenos positivo que se achegue a información, neste caso catastral, á veciñanza, se a pode dar o Concello a veciñanza non ten que buscala noutros lugares. Nós o que reclamamos é que o convenio, que ademais encabezase dicindo: En Madrid e Salceda de Caselas, se faga en castelán e se faga en galego tamén de acordo, ademais, coa ordenanza que acabamos de aprobar. Non entendemos que cando vén un borrador, un convenio dunha Administración estatal teñamos que pasar necesariamente, obrigatoriamente, por que se faga exclusivamente en castelán, faltándolle ao respecto á lingua na que nos desenvolvemos neste Concello.

Sr. Rodríguez Canosa: Simplemente comentar que se solicitou o convenio tamén en galego e que esperemos que de cara á súa a sinatura oficial se poida facer nas dúas linguas. En canto ao que dixo o compañeiro Joaquín da urxencia, non hai ningunha urxencia, traémolo ao Pleno e punto, non é unha urxencia, igual cós outros temas todos. E no demais, traballo de persoal, ao final é seguir facendo e darlle encaixe legal ao que se viña facendo nos últimos anos en Salceda e ao final, si, ten un custo, pero que claro, todos os servizos que ofrecemos á cidadanía teñen custo e ao final temos que decidir se investilo noutras cousas ou investilo en seguir ofrecendo servizos a veciñanza. Este goberno vai seguir apostando por investir o diñeiro en ofrecerlle servizos á veciñanza, servizos de proximidade e que ao final poidan acudir ao Concello en vez de, pois ao mellor, ter que desprazarse a Pontevedra ou a Vigo.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Concelleiro de área investir en persoal sería un bo investimento, non investir en propaganda como están facendo ultimamente. Aí parece ser que non lle choran aos cartos, en persoal si que sería, como levamos dito xa moitas veces, como así o reclaman os departamentos de Tesourería, Intervención e Secretaría, a escaseza de persoal, sobre todo en Intervención. Aí non invisten, investimos en propagandas, en tarxetiñas pagadas por todos..., aí se que investimos, aí hai cartos, ou Gala do Deporte... Para aí hai cartos.

Sra. Alcaldesa: Unha cuestión de criterio político, Joaquín, para ti a gala non será importante, a Gala do Deporte nin premiar os deportistas.

Sr. Guerra García: Nos apoiaremos se hai un compromiso de esixencia de que o texto tamén sexa en galego.

Sra. Alcaldesa: Xa foi solicitado. Creo que está bastante claro, díxoo Xurxo ademais, o Convenio de 2001, precisamente a Lei 40/2025 de 1 de outubro de réxime xurídico da Lei de servizo público, di que hai que adaptar esta normativa. É sinxelo, 2001, estamos a 2025, e o que se trae a este Pleno é a adaptación dun convenio a unha nova normativa sen máis.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura á proposta de acordo seguinte:

“Visto o modelo normalizado do Convenio entre a Secretaría do Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Salceda de Caselas de colaboración en materia de xestión catastral remitido pola Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra mediante correo electrónico e que consta incorporado ao expediente número 2697/2025, que van substituír o convenio asinado o 25.10.2001.

Visto que o sinalado convenio de 2001 debe ser adaptado á normativa e réxime xurídico contido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) así como ás novas necesidades en materia catastral, o que xera a necesidade de solicitar á Dirección Xeral do Catastro a substitución do convenio por un novo convenio de colaboración.

Visto o disposto no informe de Secretaría núm. 2025-0049 e no informe de Intervención núm. 2025-0294.

Tendo en conta o anterior e as atribucións da Alcaldía conferidas polos artigos 21.1 da LRBRL e 61.1 da LALGA, previo ditame da Comisión Informativa, o Pleno adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Solicitar formalmente á Secretaría do Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) a subscrición do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral co Concello de Salceda de Caselas, cuxo texto se incorpora como Anexo, escollendo como sistema de notificacións Correos NO SICER.

SEGUNDO.- Aceptar a encomenda de xestión que deriva do dito Convenio entre a Secretaría do Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Salceda de Caselas de colaboración en materia de xestión catastral.

TERCEIRO.- Subscribir o dito Convenio mediante a sinatura da Alcaldía e incorporalo ao Rexistro de Convenios municipal.

CUARTO.- Ordenar a publicación do dito Convenio no BOP e no BOE conforme ao artigo 11.3 da LRXSP (Lei 40/2015) e, asemade, no taboleiro de edictos municipal consonte ao artigo 8.1.b) da LTBG (Lei 19/2013).

QUINTO.- Dar traslado deste acordo á Secretaría do Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e, asemade, conforme ao artigo 196.3 do ROF (RD 2568/1986), á Delegación do Goberno e á Administración autonómica no prazo de seis días.

SEXTO.- Dar traslado do Convenio subscrito aos departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

VOTACIÓN: Sometido a votación o Convenio entre a Secretaría do Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Salceda de Caselas de colaboración en materia de xestión catastral, este resulta aprobado por SETE VOTOS a favor dos/as concelleiros/as do Grupo municipal MS (4), PSdeG-PSOE (2) e BNG (1) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo municipal PP (6), adoptando o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Solicitar formalmente á Secretaría do Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) a subscrición do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral co



Concello de Salceda de Caselas, cuxo texto se incorpora como Anexo, escollendo como sistema de notificacións Correos NO SICER.

SEGUNDO.- Aceptar a encomenda de xestión que deriva do dito Convenio entre a Secretaría do Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Salceda de Caselas de colaboración en materia de xestión catastral.

TERCEIRO.- Subscribir o dito Convenio mediante a sinatura da Alcaldía e incorporalo ao Rexistro de Convenios municipal.

CUARTO.- Ordenar a publicación do dito Convenio no BOP e no BOE conforme ao artigo 11.3 da LRXSP (Lei 40/2015) e, asemade, no taboleiro de edictos municipal consonte ao artigo 8.1.b) da LTBG (Lei 19/2013).

QUINTO.- Dar traslado deste acordo á Secretaría do Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e, asemade, conforme ao artigo 196.3 do ROF (RD 2568/1986), á Delegación do Goberno e á Administración autonómica no prazo de seis días.

SEXTO.- Dar traslado do Convenio subscrito aos departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Expediente 2547/2024. Aprobación do “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Rosalía de Castro”	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sr. Troncoso Estévez: Traemos neste punto a aprobación do proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Rosalía de Castro, un proxecto que xa trouxemos hai case exactamente un ano, o 19 de decembro de 2024, un proxecto que foi aprobado e que o 27-12-2024 se remitiu a súa documentación técnica e a xustificación á Deputación. Pois chegaronnos diferentes requirimentos, tres, neste caso, informes desfavorables con requirimentos, son requirimentos menores de tipo formato, de tipografía, de que faltaban os logos da Deputación e do proxecto ÁGORA en cada unha das páxinas, así como do informe técnico que hai que anexar. Recorreuse en diversas ocasións e se chegaron a requirir tres veces: o 7.2.25 o primeiro requirimento, o 21.5.2025 e o terceiro requirimento o 15.10.2025 por un tema de formato e tipografía. Finalmente, chegou o informe favorable o 26 de novembro deste ano 2025, polo que agora traemos aprobación deste proxecto con pequenos cambios.

Comentouvos o compañeiro Alejandro, esta tarde, polo grupo de WhatsApp dos portavoces de cada un dos partidos que, *bueno*, houbo un erro á hora de subir o proxecto definitivo no expediente, hai un expediente para cada un dos proxectos, porque no seguinte punto hai outro proxecto similar, pero temos outro expediente que é o expediente da tramitación da subvención. Por iso, con tanto requirimento e tantos proxectos que hai se subiu o que non era definitivo, pero a única diferenza que hai son que cada unha das páxinas no seu



encabezado traía os logos, o logo da Deputación e do proxecto ÁGORA e o formato que en vez de ser en A4 pasa a ser A3, o resto é exactamente igual o contido.

Por repasar este proxecto, é un proxecto de humanización da rúa Rosalía de Castro, ao final o que seguimos apostando desde o goberno é pola transformación de Salceda, queremos gañar espazo público para as persoas, regular o tráfico rodado, aumentando a seguridade para os viandantes, mellorar a accesibilidade das beirarrúas para todos os peóns e incorporar espazos verdes. Os criterios do Plan Ágora, ao final, o que nos permiten é obter, a redacción destes proxectos, un 90 % subvencionados pola Deputación e co aforro que supón para o Concello. Primeiro é indicar o ámbito de actuación, é a rúa Rosalía de Castro desde a rotonda co cruce coa rúa A Coruña ata o entronque coa rúa Rafael Tilve, ao final deu unha lonxitude de 246 metros en unha área de 2963 m². A proposta de mellora que se trae é ampliación do espazo peonil, ampliar as beirarrúas e unha plataforma única en fronte á entrada do colexio e do pavillón, reducir o tráfico rodado e que diminuíra a velocidade, aumento da seguridade, eliminación do estacionamento no primeiro tramo da rúa e no último e a mellora da accesibilidade, polo que dicíamos, ver as rúas máis máis anchas e dúas prazas de mobilidade reducida, introdución de vexetación e dotación de trece prazas de estacionamento; antes había 27, é verdade que se reducen as prazas de aparcadoiro, pero como xa falamos en diversas ocasións creo que o problema de estacionamento non o temos en Salceda, temos moitos aparcadoiros disuasorios e o número de prazas de estacionamento son moi elevadas.

O resultado deste proxecto é un aumento do 33 % da área de tránsito peonil, o descenso da área de tráfico rodado nun 25 %, o aumento das zonas verdes nun 3 % e a área de aparcadoiro redúcese nun 3 %. O orzamento base de licitación deste proxecto son 676.753 €, aquí recordar que o que estamos aprobando é a redacción do proxecto non a construción deste, ao final é unha inversión potente e nós o que queremos é ter os proxectos preparados, os proxectos redactados e no momento que haxa posibilidade, orzamentariamente, de poder executalos, pois o noso traballo estaría feito.

Sr. Rodríguez Davila: O noso posicionamento quedou moi claro no Pleno onde se aprobaron, como ben se dixo aquí, estes dous proxectos; referíamonos naquel momento a que o noso voto non ía ser positivo en canto non se tiñan en conta consideracións e observacións e defectos de rúas humanizadas existentes no noso Concello ata aquel entón e, polo tanto, nestes que se presentaron neste Plan ÁGORA da Deputación de Pontevedra entendiamos que se ían a cometer os mesmos erros que estabamos padecendo naquel momento e que seguimos padecendo a día de hoxe, e exemplos claros hai en diferentes rúas da nosa zona urbana respecto a das humanizacións feitas nos últimos anos. A maioría delas, por non dicir case o 100 %, apoiadas por este grupo maioritario da Corporación, por entender que sempre que sexan obras de mellora en todos os sentidos, tanto para os veciños da zona como tamén para os propios viandantes, pois van a ter sempre o noso apoio. Pero é certo e verdade que, co paso do tempo, os anos, loxicamente os anos significan experiencia e observación de todo o que acabo de mencionar, pois nese momento, como digo, hai un ano o noso voto pasou de votar afirmativamente en todas esas humanizacións á abstención, e creo que estamos no certo porque o resultado, como digo, está á vista de todos en moitas rúas. Claro exemplo é a última que se fixo, a rúa Joaquín Fernández Sestelo, diante das panaderías, tan só hai que ver a día de hoxe como está esa rúa executada hai un tempo e o significado que ten de facela dese xeito con ese proxecto a facela doutro xeito (refírome ao seu deseño, refírome á



distribución dos estacionamentos, á contemplación de espazo para carga que descarga, tan só hai que ver ás mañás os camións enriba da praza da Devesa non tendo espazo para este, o que significa cando vén o autobús, non sendo plataforma única, significa o atranco da rúa; o material utilizado en todos os sentidos, tanto no chan como na sinalización, como na execución etc.). E, polo tanto, como dixen, hai máis dun ano e o volvo reiterar, o noso voto vai ser a abstención, tanto neste proxecto como no seguinte punto, polo que manifestei hai un ano e algo e o que estou a dicir hoxe, e que como digo, en nome deste grupo maioritario, o tempo nos dá a razón en moitas das cousas que o mesmo tempo, valla a redundancia, nos dá só a aqueles que intentamos observar que é o que está pasando e observar para mellorar nas decisións que temos por tomar como cargos públicos, que xogamos cos cartos de todos os contribuíntes e non están os tempos para tomar decisións que a medio-curto prazo, o resultado non é o desexado, senón máis ben, seguir facendo o que non deberíamos porque, como digo, pois aí están os resultados desas humanizacións, non só desa rúa senón en moitas outras.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Entendendo que a votación é a repetición da feita hai un ano, aproximadamente, entendemos que repetiremos voto igual que fixemos daquela.

Sr. Guerra García: O debate xa se deu no seu momento. Que veña aquí, efectivamente, porque a Deputación esixe unhas correccións, a min gustaríame que o señor Concelleiro relatase que correccións son esas para que entendamos que as correccións non son de fondo, nin moito menos, porque dá a impresión, a partir da intervención do señor Davila, de que aquí o proxecto estaba mal feito e a Deputación o bota para atrás. E, ademais, fai referente ao Plan Ágora que precisamente o Plan Ágora, o novo goberno da Deputación acaba con el, o que está é o remanente dos proxectos que xa estaban daquela. A min gustaríame que se clarificase porque dá impresión de que o presentar un proxecto por mudar o tipo de letra dentro do proxecto parece que iso vai modificar a obra e é importante clarificalo.

Sr. Troncoso Estévez: Si, efectivamente, os requirimentos son de tipo de formato. Un deles é o tipo de letra, o tipo de formato, como dicía antes, todas as páxinas teñen que estar en formato A3 en vez de A4, un dos requirimentos tamén era un sinal que debería estar a 10 km/h de velocidade en vez de 20 km/h, iso se modificou; e ao final son requirimentos de tipo estilográficos ou tipográficos, non tanto do proxecto en si, o proxecto enténdese que está ben. De feito un dos requirimentos fala algo así como que as prazas de estacionamento teñen que estar separadas máis de 5 m do paso de peóns, cando o único paso de peóns a distancia ata o primeiro estacionamento é 60 m, é dicir, non sei que tipo de revisión houbo neste proxecto de Rosalía, de feito contestóuselle, o enxeñeiro Rubén, neste caso, alegou que non consideraba que ese fose un requirimento real e o resultado final foi que o proxecto en si é exactamente o mesmo, só cambia un sinal e os logos do encabezamento e o formato de A3; ou sexa, é simplemente estilográfico, por dicilo dalgunha maneira.

Eu creo que se algún problema hai na planificación urbanística de Salceda, non creo que sexa este goberno o culpable, en todo caso, ao revés, estamos intentando emendar o que está feito daquela maneira. Se non hai espazos para carga ou descarga, igual as cousas se fixeron mal desde un primeiro momento. Creo que somos un exemplo de humanización, as humanizacións que levamos feito nos últimos anos son un exemplo que moitos concellos

están intentando imitar e neste caso nos cremos que tamén é unha das bandeiras de identidade deste goberno.

Sr. Rodríguez Davila: Sr. Concelleiro, permítame pero viuse un pouquiño arriba, non? Que traten de imitar os concellos á humanización de Salceda ... Se para vostede é un exemplo á humanización de diante do bar Central, pois mire vostede... Se vostede é un dos que sofre a humanización diante do bar Central todos os martes de Entroido, vaia exemplo de humanización, verdade? Vaia exemplo de humanización e de integración e de mobilidade fixeron vostedes, primeiro durante a execución de obra, vostede igual non se acorda, pero acórdome perfectamente, cando estaban colocando o beirado diante do antigo banco Galicia, botalos para atrás pois xa non xiraban nin os autobuses e quedou como quedou, por iso todos os martes de Entroido hai que facer o que hai que facer, verdade? Sacar os farois, poñer as ramplas para que xiren as carrozas, esas cousas todas, por dicir algo. Un exemplo que me viu agora a mente vendo a vostede, sendo do barrio do que compartimos Entroido. Como todo é mellorable na vida, e como dixen antes, só aquel que non quere ver e mellorar dos erros pois segue cometendo os mesmos erros e tropezando na mesma pedra, e cando se segue coa mesma teima de facer o que é mellorable, pois loxicamente os resultados van a ser os mesmos. Claro exemplo é que cando nos diciamos que a colocación das lousas de pedra debían ser unidas a óso e non con separación, pois temos rúas onde se fixeron humanizacións nese sentido e noutras non, unhas primeiro, outras despois, logo cambiaron o sistema... O tema do estacionamento en pico, coas consecuencias que ten para os vehículos que alí estacionan. O tema de non contemplar as prazas de estacionamento ou as árbores plantadas para tal efecto, témolo diante das panaderías, o tema da distribución dos espazos... Moitos exemplos que poderíamos estar aquí debatendo e que non é incluso necesario debater, están aí para só aqueles que, como dixen, queiran modificar e aprender dos erros só hai que ir e velos, outra cosa é que queiramos seguir tapando os ollos e todo é perfecto, marabillioso, estupendo porque son infalibles e ninguén ten erros e ninguén asume ningún tipo de erros, pois seguimos para diante. A praza da Devesa, verdade? Cando hai que facer unha actuación, entón hai que cortar o tráfico porque non hai onde facer unha actuación na praza da Devesa, podendo quedar unha praza para desfrute de todos sen entorpecer o tráfico ou incluso pechando o tráfico paro unha praza como nos merecíamos e non o que se fixo alí, pero non, non se atendeu a razóns, entón tiramos para adiante e temos o que temos.

O noso sentido vai ser o mesmo, nin polos requirimentos, nin polo que lle chegou vía requirimento da Deputación, o noso voto segue sendo o mesmo de hai un ano non habendo eses requirimentos e habéndoos.

Sra. Alcaldesa: Antes de votar o punto, e que non o podo evitar, que o Partido Popular de Salceda nos dea exemplo de urbanismo xa é o colmo. Á parte o urbanismo que practican, cada vez que nós intentamos facer da vila un sitio onde vivir, onde pasear, que sexa seguro, que sexa atractivo e creo que a xente vén a vivir para aquí e temos unha poboación moza por moitas razóns e, entre outras, que é unha vila segura e unha vila agradable, acollidora, pois resulta que ao Partido Popular a nosa política urbanística claro, non coincide para nada, porque nós non somos promotores tampouco, coa vosa política urbanística, non coincide e non vai coincidir seguramente nunca. Vostedes son os que falaban da rotonda de Correos que ocasionaría un caos tremendo, o da Gándara, cando estábamos facendo as probas de

peso co tráiler dunha empresa da vila, que sufriría problemas, que ocasionaría un caos tremendo na vila; son os mesmos do urbanismo do debuxiño feito á man na Devesa... Non sei, eu creo que hai que facer un pouco de política máis seria. E nós aceptamos a crítica e as melloras, de feito cando estes proxectos se executen, o noso compromiso foi con o BNG e co PSOE de velo sobre o terreo, e aquilo que se poida mellorar, entre todas as cousas seguro que saen mellor, farase, pero aceptar críticas do Partido Popular en materia de urbanismo despois do que se fixo nesta vila... O xusto, a verdade é que o xusto, porque vostedes propostas non fixeron ningunha... E que o maior problema desta vila sexan as partes empedradas dalgún dos treitos das zonas humanizadas, en fin... Xa lle levo dito que a min me gusta moito Portugal e o empedrado non supón un problema para todos os portugueses e portuguesas.

Dou lectura á proposta de acordo seguinte:

“Visto que, por acordo Plenario de data 19.12.2025, se aprobou o “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Rosalía de Castro” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 03.12.2024.

Visto que, pola Deputación Provincial de Pontevedra, se requiriu a corrección dalgúns aspectos do sinalado proxecto, polo que se efectuou unha nova redacción do “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Rosalía de Castro” polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, con data de maio de 2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 676.753,00 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 117.453,00 € e o orzamento sen IVE a 559.300,00 € e sendo necesaria a súa aprobación.

Visto o informe de supervisión do proxecto núm. 2025-0312 emitido ao abeiro do disposto no artigo 235 da LCSP.

Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0046 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos que son esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con relación á Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o Pleno adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Rosalía de



Castro” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, con data de maio de 2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 676.753,00 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 117.453,00 € e o presuposto sen IVE a 559.300,00 €, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

SEGUNDO. Que se leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a aprobación do Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Rosalía de Castro, esta resulta aprobada por SETE VOTOS a favor dos/as concelleiros/as do Grupo municipal MS (4), PSdeG-PSOE (2) e BNG (1) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as concelleiros/as do Grupo municipal PP (6), adoptado o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Rosalía de Castro” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, con data de maio de 2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 676.753,00 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 117.453,00 € e o presuposto sen IVE a 559.300,00 €, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

SEGUNDO. Que se leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 2593/2024. Aprobación do “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Brasil e tramo da avenida de Galicia”	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Ídesme permitir, é moi ridículo que unha Administración faga tres requirimentos, faga traballar ao equipo técnico durante moitísimos días para cambiar o formato de centos de folios que compoñen este proxecto, porque non lles gusta o tipo de letra ou porque ten que aparecer o logo nas diferentes páxinas. É ridículo, é a primeira vez que nos pasa. E, despois tamén, dicíano os compañeiros, unha mágoa que non se seguira apostando polo ÁGORA, por iso vos dicía, nunca vamos a coincidir na política urbanística o Partido Popular e Movemento Salceda.

Sr. Troncoso Estévez: Neste punto tócalle ao segundo dos proxectos do Plan ÁGORA, falabamos antes do de Rosalía, agora vén o da rúa Brasil e o tramo da avenida de Galicia, un proxecto tamén aprobado en Pleno hai un ano, o 19 de decembro, e que se remitiu á Deputación. Como dixó a alcaldesa, houbo tres requirimentos, exactamente son case os



mesmos ca no proxecto anterior, un sinal que faltaba, un sinal de perigo de resalto, o formato ten que ser formato A3 e non formato A4 e os logos da Deputación, os logos do Plan ÁGORA.

Un pouquiño por refrescar este proxecto, é un proxecto que abarca 2035 m², 193 m lonxitudinais e a rúa Brasil no entronque coa rúa Pontevedra, en fronte á praza de abastos e tamén o tramo que dá continuidade á avenida de Galicia ata a rúa Arxentina.

A proposta de mellora para esta humanización era un pouco o mesmo, os criterios do Plan ÁGORA: gañar espazo destinado ao tránsito peonil, regular o tráfico rodado para dar unha menor velocidade e unha maior seguridade para os peóns, beirarrúas cunha anchura igual ou maior a 2,5 m, seguindo os criterios do Plan Ágora, mellorar a accesibilidade, tanto nas beirarrúas como nos pasos de peóns, mantendo unha mesma cota eliminando esas barreiras que moitas veces se poden poñer para persoas de mobilidade reducida, a ausencia de obstáculos nas beirarrúas, a mellora da seguridade, como dicíamos polo descenso da velocidade dos vehículos e a introdución de vexetación. Falamos de que quedarían dispoñibles 13 prazas de aparcadoiro, antes había 25 prazas, temos cerca 5 aparcadoiros disuasorios, espazo para aparcas temos de sobra. O resultado que falamos, tras esta humanización sería un aumento da área de tránsito peonil nun 20 %, o descenso do tráfico rodado nun 13 %, descenso na área de aparcamento nun 9 % e o aumento de zonas verdes nun 3 %. Nós non estamos en contra dos vehículos, consideramos que hai que regulalo e encontrar o equilibrio entre peóns e vehículos. De novo, é a aprobación da redacción do proxecto, non a execución do proxecto en si.

Sr. Rodríguez Davila: É curioso escoitar á señora Castiñera Alén estar supercontentísima de que non coincidamos no urbanismo co goberno minoritario de Movemento Salceda, polo tanto vostede alégrase moitísimo de que non coincidamos no urbanismo. É iso o que manifestou vostede e nos transmitiu coa súa expresión esa felicidade de que non coincidan con nós no urbanismo, pero, non obstante, repróchannos que non lle aprobásemos o Plan xeral, non? Que curioso, que incoherencia unha vez máis, señora Dolores Castiñera. Pero vostede non sabe ou non é consciente ou non recorda que os proxectos de humanización deste Concello tiveron o voto favorable deste grupo dentro do ano 2007 ata o ano pasado no 99,9 % dos proxectos? E iso era coincidir ou non era coincidir co urbanismo que vostedes practicaban? O urbanismo que vostedes resulta que substituían lousas de baldosa por pedra, salvo naquela nova urbanización onde lle botaron cemento e pintaron de cor rosa o mesmo, tan defensores da pedra, do gris Mondariz e resulta que nas urbanizacións últimas, non nas rúas existentes senón nas novas, vostedes decidiron botar o cemento ou formigón e substituílo pola pedra. Non coincidíamos no urbanismo, efectivamente, claro que non coincidimos. Por iso non lle aprobamos o Plan xeral que era unha barbaridade para Salceda e beneficiaba a algúns, e por iso tamén non apoiamos, pero non porque o traían vostedes porque se fose así non apoariamos ningún proxecto de humanización no noso concello desde o ano 2007 para aquí, e é todo o contrario, apoiámoslos sempre, aí están as actas dos plenos, aí están as votacións, en todos. Simple e *llanamente* modificamos a nosa postura a raíz de ver os resultados anos despois da execución de moitas delas, e non é un tema de empedrados, señora Dolores Castiñeira, non é un tema de empedrados. Díxeno antes ben e díxeno no Pleno de hai un ano e pico, outra cousa é que, unha vez máis, vostede pois, como dixen, cando hai persoas que non son capaces de ver e interpretar e observar os erros das obras e doutra índole para mellorar e modificar e plasmar nos documentos esas melloras



para non cometer os mesmos erros, como é o seu caso, pois, loxicamente só vén e di o que lle interesa en cada momento. Se lle interesa dicir que está alegre e contenta de non coincidir no urbanismo co PP o di, pero cando resulta que non ten o apoio deste grupo para aprobar o que vostede quere entón laiase e laméntase de que non teña o apoio deste grupo, entón hai que ser coherente cousa que vostede, loxicamente, non o é, non de agora senón de hai moito tempo. E logo falan vostedes das excusas, e non serei eu aquí quen defenda os requirimentos nin moito menos, se están é porque así o deciden os técnicos desa Administración, pero vostedes refírense case exclusivamente á obrigatoriedade do uso dun tipo de tipografía da letra e dos logos... Home, de logos vostedes saben bastante e de obrigarlle aos colectivos saben bastante, tan só hai que ver a necesidade de que eses colectivos veciñais, culturais do noso concello, teñan que poñerlle o logo que vostedes, como ben se dixo aquí por parte de a compañeira Ana Cristina, deseñaron e acordaron vostedes, non esta Corporación, vostedes, un goberno minoritario de impoñerlle á sociedade salcedense non só un, senón dous logotipos ao seu antollo. Entón non veñan vostedes aquí a lamentarse nin a criticar o que outras administracións deciden, porque vostedes son o claro exemplo da imposición e de obrigarlle aos demais ao que vostedes deciden minoritariamente na súa decisión de goberno. Polo tanto, non ten o apoio desta Corporación, nin o tivo na anterior e son vostedes nas súas facultades de goberno de tomar esa decisión de obrigar, igual que fan outras administracións, que cada un pode estar o non de acordo, pero non deán vostedes leccións de que a vostedes lles obrigan, cando son vostedes os primeiros que lle obrigan aos salcedenses e aos colectivos de Salceda a imposición deses dous logotipos, non un, senón dous. Polo tanto, menos leccións. Reitero, o noso voto vai ser o mesmo un ano despois que un ano antes de traer este proxecto, non modificou nada, independentemente dos requirimentos que non existían naquel entón.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Apoiámolo da outra vez, polo tema do Plan ÁGORA da anterior Deputación de gañar espazo para as persoas nos núcleos urbanos, e vamos seguir mantendo o mesmo voto.

Sr. Guerra García: Estaba pensando se esta esixencia da Deputación para que se mude o tipo de letra dos proxectos, ten algo que ver con estas decisións que tomou a Administración Trump de penalizar un tipo de letra relacionándoa co suposto progresismo, cousa que tampouco hai moito por alí, porque esixirille a unha Administración, sen comunicación previa, de que despois de presentar os proxectos, modifique, fóra dos aspectos técnicos do propio proxecto, o tipo de letra e o formato con que se presenta, e dando isto o traballo que dá de volver a refacer todo, a verdade é inexplicable.

Sr. Troncoso Estévez: Ao final é reincidir no mesmo, eu concordo totalmente co portavoz do BNG, con Tano, cremos que proxectos como estes supoñen unha carga de traballo grandísima nos departamentos municipais, con todo o traballo que xa teñen do día a día e ter que facer o traballo por triplicado, simplemente por cambiar o tipo de letra, os logos, que aí tamén sería para analizar... O Plan Ágora vén do anterior equipo da Deputación, e os logos que nos están mandando poñer agora son os logos da actual Corporación, co cal non sei se na guía inicial serían estes logos os que haberían que poñer. Pero, ben, en calquera caso, é unha perda de tempo para os nosos técnicos municipais que están cargados de traballo e é unha pena que se faga perder o tempo de traballo en volver a repetir o mesmo traballo.



Sra. Alcaldesa: Eu reitírolle que si, que o noso modelo de urbanismo, e a proba creo que xa é evidente e palpable, non é igual có do Partido Popular. Se a proba fose pouco coas humanizacións ou coas peonalizacións pois teñen a proba no PERI. Agardamos que, ademais, ese exemplo siga, seguir creando espazos para as persoas para servizos municipais públicos como vivenda, como espazos para centro de día e outros servizos necesarios para o noso Concello, que será o PERI da Gándara. Agardamos que a Deputación teña a ben aprobar o proxecto que lle enviamos de máis de 1.040.000 € para seguir demostrando que tipo de urbanismo fai este goberno, que non ten que ver evidentemente nada co que fixo o Partido Popular neste concello; e non é que o diga esta alcaldesa, sábeno todos os veciños e veciñas. E xa que insiste tanto no da plataforma de Salceda Móvese, eu supoño que non lle dedicarían moito tempo a ver o noso programa electoral, terían suficiente con estudar o seu, pero era unha proposta electoral de Movemento Salceda, que forma parte da acción de goberno que así se lle trasladou aos colectivos e ningún puxo ningún inconveniente, viron nesta acción algo positivo para precisamente promover o inmenso traballo que fan os colectivos deportivos de lecer e culturais do noso Concello, hai un ano tiñamos unha reunión de avaliación, de impacto, de análise de corrección de erros, de melloras e asegúrovos que o *feedback* foi do máis positivo. Ao Partido Popular non lle gusta e tampouco esperabamos que lle gustase. Era unha proposta nosa de campaña e levámola adiante como moitos outros dos puntos do noso programa.

Dou lectura á proposta de acordo seguinte:

“Visto que por acordo plenario de data 19.12.2025 aprobouse o “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Brasil e tramo da avenida Galicia (Pontevedra)” polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 09.12.2024.

Visto que pola Deputación Provincial de Pontevedra se requiriu a corrección dalgúns aspectos do sinalado proxecto, polo que se efectuou unha nova redacción do “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Brasil e tramo da avenida Galicia (Pontevedra)” polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data maio de 2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 491.725,85 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 85.340,85 € e o presuposto sen IVE a 406.385,00 € e sendo necesaria a aprobación deste.

Visto o informe técnico núm. 2025-0292 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0048 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con relación á



Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o Pleno adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Brasil e tramo da avenida Galicia (Pontevedra)” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, con data de maio de 2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 491.725,85 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 85.340,85 € e o presuposto sen IVE a 406.385,00 €, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a aprobación do “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Brasil e tramo da avenida de Galicia”, este resulta aprobado por SETE VOTOS a favor dos/as concelleiros/as do Grupo municipal MS (4), PSdeG-PSOE (2) e BNG (1) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as concelleiros/as do Grupo municipal PP (6), adoptado o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución de obras de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís na rúa Brasil e tramo da avenida Galicia (Pontevedra)” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data maio de 2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 491.725,85 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 85.340,85 € e o orzamento sen IVE a 406.385,00 €, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Expediente 3105/2025. Aprobación do proxecto de obra “Pump track no parque Mártires de Sobredo”	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Troncoso Estévez: Neste punto traemos a aprobación do proxecto de obra do *Pump track* Parque Mártires de Sobredo. É un proxecto de construción dunha instalación



deportiva, unha instalación deportiva novidosa, moderna, sempre presumimos en Salceda que temos a gran sorte de ter unha poboación xuvenil moi elevada, somos un dos concellos coa media de idade máis baixa, iso quere dicir que somos un concello de presente pero sobre todo de futuro, a nosa mocidade é un tesouro que temos e hai que dotala de servizos e de instalacións. Desde a Concellería de Deportes e mocidade levamos, nos últimos anos facendo investimentos, por tratar de mellorar as instalacións deportivas. Este último verán acometemos dúas obras moi importantes: a do cambio de céspede no Penedo Redondo e a mellora das instalacións técnicas e mantemento das piscinas municipais. O verán anterior fixamos o cambio do pavimento do pavillón. Son tres das grandes instalacións deportivas que temos no noso Concello e hai que dotalas da mellor calidade para que non só a mocidade, neste caso, senón todos os usuarios e usuarias poidan facer uso do deporte nas mellores condicións, tanto de calidade como de seguridade. É certo que levamos feito estas inversións, que son inversións importantes nas grandes instalacións, pero tamén cremos que é importante ampliar a oferta deportiva. A maioría dos deportes vanse facer ben no pavillón ben no campo de fútbol ou na piscina, pero cremos tamén que hai uns deportes minoritarios sobre todo, neste caso o *pump track*, que temos a sorte de ter un grupo en Salceda, un colectivo cada vez máis grande, que agora nos están vendo a través da canle de Youtube, que son practicantes deste deporte e estamos falando de rapaces e rapazas que están gañando títulos a nivel non só de Galicia, senón tamén participando en categorías nacionais, e ao final, o circuíto de *pump track* é unha instalación de deporte ao aire libre multifuncional, non só vale para o *pump track*, que sería a súa principal función. Para aqueles que non coñezades o que é *pump track*, é unha modalidade deportiva de bicicleta que consiste en dar voltas a un circuíto sen utilizar os pedais, neste caso hai que intentar impulsarse co corpo e intentar facelo no menor tempo posible; pero este circuíto tamén ten outro tipo de usos non tan profesionais ou deporte de elite, senón tamén usos alternativos e usos de lecer para patinetes, para monopatíns, incluso para cadeiras adaptadas co cal estamos falando de que é un circuíto interxeracional, inclusivo e accesible.

O circuíto en si é unha superficie aproximada de 730 m², ten un percorrido lineal de 129 m, con cinco curvas de diferentes ángulos e con diferentes alternativas, unha recta de 33 m e varios *rollers* ou ondulacións, que é o que lle dá está característica ao circuíto. Este circuíto terá diferentes fases de construción, a primeira delas será o movemento de terras para crear estas ondulacións e facer as curvas e a recta; terá unha segunda fase de canalización das augas para intentar que non se produzan charcos que dificulten a práctica do deporte, unha fase de pavimentación na que se recubrirá de asfalto con mestura bituminosa e unha última fase de pintado de carrís e sinalización. Ao final é unha obra non moi exixente, o prazo de execución son tres meses e o orzamento final son 48.380,78 €. A nosa idea é introduci-lo na convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas que abre a Deputación de Pontevedra, pois este será uns dos proxectos que a nosa idea é solicitalos a través desta liña. En resumo, falamos dun circuíto que non é só para deportistas de elite, que pode ser para utilizar por calquera tipo de usuario e é unha instalación inclusiva e accesible, axuda á dinamización dun espazo público como é o parque Mártires de Sobredo e complementa a oferta deportiva, incluso coa posibilidade do reclamo turístico que poida ter posibles competicións que se poidan organizar neste Concello. Quedoume atrás a localización, a localización exacta sería no polígono do PERI que, como falou antes Loli, é un proxecto que enviamos no Plan Extra da Deputación no que se reordenará toda esa parcela, unha



humanización que esperemos que nos próximos anos poida dar moita posibilidade de desenvolvemento urbanístico.

Sr. Lorenzo Rodríguez: O noso grupo ten presente que o deporte é saúde, o deporte é benestar e calidade de vida e hai que apoialo e fomentalo. Estamos ante un proxecto moi demandando pola nosa xuventude, sobre todo polos nosos deportistas dentro desta modalidade, xa que actualmente para completar os seus adestramentos se teñen que desprazar ata Mondariz ou Moaña, onde si dispoñen dunha pista destas características. Estamos ante un proxecto ao cal damos a nosa conformidade, un proxecto que sen dubida vai contribuír a pór en valor a nosa xuventude e os nosos deportistas. Non obstante, temos diferenzas respecto á localización, cremos que sería máis beneficioso centralizar todas as instalacións deportivas nunha mesma zona, crear unha gran área deportiva na contorna do actual pavillón municipal, isto non só favorecería unha mellor xestión e mantemento dos espazos senón que permitiría un maior aproveitamento dos recursos xa existentes. E aquí poño un exemplo moi sinxelo, poñamos no caso da celebración dunha proba a nivel autonómico ou estatal de *pump track*, servizo de duchas para os participantes, de centralizar a localización teríamos as duchas alí no pavillón, é sinxelo. Por outro lado botamos en falta neste proxecto a incorporación dun sistema de iluminación, un sistema de iluminación permitiría ampliar o horario de uso e un mellor aproveitamento da instalación, sobre todo, nos meses de inverno e tamén contribuiría a mellorar a seguridade. Instamos a que se valore esta mellora nesta fase do proxecto ou nunha posterior ampliación. En definitiva, apoiamos a iniciativa e pedimos que se teñan en conta e valoren as dúas propostas feitas polo noso grupo. O noso voto vai ser favorable.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Entendemos que estes deportes novos, a algúns estes deportes xa nos parecen un pouquiño modernos, pero como todo deporte, promove a actividade física regular entre nenos, mozos e adultos. Este tipo de instalacións favorecen o exercicio ao aire libre e é un deporte sen necesidade de horarios nin inscricións. Son infraestruturas gratuítas e abertas a todas as idades, onde se poden utilizar bicicletas, patinetes e monopatíns e que serve, ademais, de alternativa do uso destes na rúas, iso reduce riscos de conflitos con peóns e co tráfico rodado. Son instalacións que serven para un encontro interxeracional, xente de todas as idades, e atraen usuarios doutros concellos, o que fomenta a cooperación intermunicipal e de aí poden saír gran cantidade de actividades. Entendemos que é positivo, apoiáremolo, e, realmente non baralláramos o tema da localización, si que baralláramos o tema de que exista iluminación, digamos 24 horas, ou para horario nocturno, porque supoño que nas noites de verán haberá algúns que estean aí ata determinadas horas.

Sr. Guerra García: Un concello que presuma de que ten moita mocidade, ten que coidala, efectivamente. Nós alegrámonos de que se presente este proxecto, como todo é mellorable, a partir das intervencións que houbo, pero o que máis nos alegra é que no mundo do deporte non todo é fútbol, de aí que lle deamos máis importancia que calquera outra cousa, máis polo valor que ten o proxecto, realmente paga a pena abrir portas a alternativas que non pasen única e exclusivamente pola pelota.

Sra. Alcaldesa: Antes de iniciar a segunda quenda, efectivamente, polo importe, hai partes do proxecto que mencionou Iván, que non están aquí incluídas, que é a iluminación, que entraría precisamente dentro da urbanización do PERI da Devesa.



Sr. Lorenzo Rodríguez: Como iluminación, refírome a unhas torretas que iluminen o que é a pista, non aos farois do parque, refírome a unha iluminación específica.

Sra. Alcaldesa: Dentro dunha urbanización da magnitude do polígono da Gándara, ademais da iluminación de faroliños, como dis ti da rúa, que son un pouco máis que faroliños, hai posibles melloras que se poden exercer sobre esa urbanización e vamos a ter en conta precisamente a iluminación dese espazo que está nunha zona verde. Como responsable do urbanismo, está ben, moi ben que propoñas outras localizacións, pero non sei se esa localización está estudada, se sabes que tipo de chan hai na contorna do pavillón, e se ademais o Partido Popular tiña formulado un novo pavillón, unha pista agora de *pump track*, a verdade non me cabe todo no mesmo sitio, non me cabe coller todo no mesmo espazo, iso explicarasmo... Pádel, *pump track*, novo pavillón..., non me saen os números, coñecendo ademais, sabendo cal é a tipoloxía do chan, non me colle.

Sr. Troncoso Estévez: Eu quería engadir tamén, á parte da iluminación, a localización é tamén parte do colectivo que se viu reunir con nós para facer este circuíto, eles nos propuxeron ese espazo porque lles parecía un espazo adecuado, cun parque ao lado, con supermercados cerca, eles crían que era un bo espazo. Á parte de nós tamén, cremos que non só hai que centralizar ou focalizar toda a actividade deportiva no pavillón, porque non posibilitar que haxa outros espazos que recobren vida, que poidan ter tamén este tipo de instalacións ou infraestruturas e que se poidan dinamizar outros espazos de Salceda. Ao final temos, por sorte ou por desgraza, somos un Concello pequeno, e se un día se fai unha competición oficial en Salceda, desde o parque de Mártires ata o pavillón, tampouco hai tanta distancia que habería que recorrer. E ata as piscinas tamén.

Sra. Alcaldesa: Eu antes de votar a aprobación deste proxecto, que eu creo que, polo que escoito, vamos a estar de acordo todos e todas, eu quero darlle as grazas ao colectivo en xeral, pero en especial a Izan e a Miguel, porque ás veces criticamos moito a xente nova que non ten iniciativas, que non se achega á parte política para formular as súas inxerencias ou as súas propostas, e estes dous rapaces un día decidiron vir falar coa alcaldesa e co concelleiro de Deportes e a nós nos sorprendeu, primeiro, pero logo tamén nos encheu de orgullo saber que temos unha xuventude implicada, implicada no noso Concello e, sobre todo, no eido do deporte. Así que a eles, especialmente, pero tamén a outros cos que estivemos en diferentes reunións e sobre o terreo con eles, darlle estas grazas e que nós ademais que cremos moito na xuventude de Salceda, que serán as grandes persoas do futuro.

Dou lectura á proposta de acordo seguinte:

“Visto a memoria valorada para a execución da obra denominada “*Pump track* parque Mártires de Sobredo”, redactada polo arquitecto Leonardo Llamas Álvarez en data 02.12.2025, ascendendo o total do orzamento a 48.380,78 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 8.396,66 € e o presuposto sen IVE a 39.984,12 € e sendo necesaria a aprobación deste.

Visto o informe técnico núm. 2025-0315 favorable á viabilidade urbanística da obra.



Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0050 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con relación á Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o Pleno adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “*Pump track* parque Mártires de Sobredo. Memoria técnica valorada” redactado polo arquitecto Leonardo Llamas Álvarez con data de 02.12.2025, ascendendo o total do orzamento a 48.380,78 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.396,66 € e o presuposto sen IVE a 39.984,12 €, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade de votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “*Pump track* parque Mártires de Sobredo. Memoria técnica valorada” redactado polo arquitecto Leonardo Llamas Álvarez con data de 02.12.2025, ascendendo o total do orzamento a 48.380,78 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 8.396,66 € e o presuposto sen IVE a 39.984,12 €, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

Moción do grupo do PP de reprobación á alcaldesa	
Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0



Sr. Rodríguez Davila: Este grupo presentou ao pasado luns esta moción para que o Pleno se manifeste respecto da actuación ao decidir o indecente acto que executou a alcaldesa de eliminarme dunha foto oficial e, polo tanto, a moción di o seguinte:

“MOCIÓN DE REPROBACIÓN Á SEÑORA ALCALDESA

O Grupo municipal Popular de Salceda de Caselas conforme ao previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, eleva ao Pleno a seguinte moción,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

De todos é coñecida a manipulación e eliminación da miña persoa dunha imaxe oficial, publicada nas redes sociais do Concello de Salceda de Caselas. Como concelleiro e cargo público, represento directamente a como mínimo 2.411 veciños e veciñas que nos deron a súa confianza a través do seu voto nas eleccións municipais celebradas en maio do ano 2023. Representamos e dámoslle voz nesta Corporación municipal a eses 2.411 salcedenses desde o Grupo maioritario deste Pleno, o do Partido Popular.

O meu borrado da fotografía oficial, suplantándome posteriormente na mesma polo concelleiro de goberno Alejandro Rodríguez Canosa, foi tomada despois dun acto oficial no noso Concello e manipulada e publicada nas redes oficiais do Concello, pagadas por todos nós no mes de outubro deste mesmo ano 2025, o que supón un feito lamentable e sen precedentes nos case 50 anos de democracia en Salceda de Caselas.

Señora Alcaldesa M.^a Dolores Castiñeira Alén, esta actitude, esta acción e esta decisión indigna vaina perseguir toda a súa vida pública e política porque estes feitos tan graves xeraron unha total e evidente perda de confianza e relación en todo o seu significado na persoa que ostenta a alcaldía, non só por parte deste Grupo municipal, se non por moitísimos veciños que así nolo fixeron saber.

Un feito que afecta a imaxe institucional do propio Concello. Unha acción reprochable, indigna de quen di ser e pretende ser a representante de todos os salcedenses. O sucedido por si só xa invalida e desminte tales afirmacións. A incoherencia entre o que di e o que fai, señora alcaldesa, non só dista moitísimo, senón que acentúa a hipocrísia que vostede practica e exerce diariamente.

O certo é que non é a primeira vez que utilizando medios e recursos públicos do Concello, a señora alcaldesa pretende invisibilizarnos, calarnos, desprezarnos e manipular a información que dá aos colectivos e á veciñanza en xeral, sobre as nasas afirmacións, accións ou posicións en distintos asuntos ou acordos da vida municipal. Exemplo disto é o acto de Salcedenses Distinguidos, a Gala do Deporte, a súa actitude e a interpretación do Regulamento en moitísimos casos, as publicacións nos medios oficiais do Concello ou o que trasladan aos medios de comunicación, por citar algúns exemplos.

Vostede xa non debería estar presidindo este Pleno, e moito menos o Concello de Salceda de Caselas. Os seus habitantes non se merecen unha alcaldesa que estea disposta a utilizar todo ao seu alcance e pagado cos cartos de todos nós, para desprestixiar e manipular, non só aos

2.411 veciños e veciñas que representamos, senón á inmensa maioría social do noso pobo.

Vostede, con esta grave e intolerable acción, desprezou a todos eles. Este triste, indecente, antidemocrático e noxento acto político, merece ser reprobado por quen non comparten e non aceptan accións, actitudes e decisións antidemocráticas de xogo sucio e impropio dunha democracia plena.

É por iso que este Grupo maioritario, somete a través da votación pública neste Pleno municipal, a que os diferentes partidos e grupos políticos con representación nesta Corporación; Partido Popular, Movemento Salceda, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego,

ACORDEN:

A REPROBACIÓN da Sra. Alcaldesa de Salceda de Caselas, D.^a María Dolores Castiñeira Alén, polo grave feito de eliminar e suplantar ao concelleiro e voceiro do Partido Popular, D. Santiago Rodríguez Cavila, nunha fotografía oficial do Concello de Salceda de Caselas, polo concelleiro de goberno D. Alejandro Rodríguez Canosa, sendo a Sra. Alcaldesa a máxima responsable por utilizar medios e cartos públicos para levar a cabo tal indigno e reprobable feito.”

Disto falámolo na comparecencia que vostede, a petición miña, en representación deste grupo, mantivemos no Pleno de outubro e feito e visto que non houbo ningunha noticia ao respecto máis que aquela, pois indigna, e non sei como cualificalo xa, de intentar xustificar o inxustificable, cando un pretende remendar sobre o remendo, pois ao final é peor o remedio que a enfermidade, como se adoita dicir, e non houbo, loxicamente, ningunha dimisión, ningún acordo por parte do goberno unitario respecto do que alí se falou e do que lle pedíamos. Pois, loxicamente vémonos na obrigación non só, de acudir á Valedora do Pobo, senón tamén de que o Pleno desta corporación se manifeste ao respecto de se avala e apoia a decisión e o acto que a señora Alcaldesa tivo con esa decisión de eliminarme esa fotografía oficial ou se, pola contra, pois acorda a reprobación, que significa pois publicamente dicirlle que o que se fixo non é digno dunha Administración pública e democrática e que non nos merecemos ter unha alcaldesa que atúe deste xeito.

Sra. Alcaldesa: Como xa anunciamos no pasado Pleno ordinario de outubro, investigaríamos o acontecido, e así se fixo e no Pleno seguinte, que é este, dar as explicacións oportunas que xa se deron noutros foros. Pedir a reprobación que significa desaprobación, censurar, condenar, rexeitar a alcaldesa, por este tema, permítame é un pouco ou moito esaxerado.

Comezo, primeiro, pola cronoloxía dos feitos: o día 27 do 5 de 2025, falamos de maio deste ano, asínase o convenio con Augas de Galicia para a execución do saneamento na parroquia de Budiño, rematado o acto realizouse a imaxe nas escaleiras frontais da Casa do Concello, ese mesmo día dásele difusión á sinatura do convenio e publícase a imaxe oficial das escaleiras, a imaxe correcta. O 15 do 10 de 2025 publícase por erro a imaxe obxecto de debate anunciando a licitación do proxecto de saneamento de Cerquido, e 15 días despois, o 30 do 10 de 2025, o PP denuncia a manipulación da imaxe. Ese mesmo día, en canto somos conscientes do erro, cámbiase a imaxe pola correcta e publícanse as desculpas nas redes do



Concello e de Movemento Salceda, esas mesmas desculpas son enviadas por parte da Alcaldesa ao voceiro do PP, Santiago Rodríguez e mais cámbianse os contrasinais. O mesmo día, ese 30 de outubro, celebrase o Pleno ordinario onde o PP pide a miña comparecencia e nela, entre outras cuestións, comprometémonos a investigar o que aconteceu. Hoxe é o Pleno que toca a seguir deses feitos e tocaba, precisamente hoxe, dar explicacións.

Segundo, explicacións da foto editada: o mesmo día do acto, unha vez rematado e publicado, prodúcese un debate no grupo de WhatsApp do goberno e as persoas encargadas de xestión de redes, expoñendo a problemática de que Santiago Rodríguez nunca respecta o protocolo nin o lugar que lle corresponde, e que, cando se trata de cargos do PP, colócase sempre en primeira liña desprazando incluso aos concelleiros e concelleiras do Goberno municipal. As persoas que non xestionan as redes son as primeiras a en poñer o foco na cuestión e indicar que sempre está mal colocado, que nunca cumpre o protocolo. Dentro desa conversa pásasenos ao grupo unha imaxe do que debería ser a primeira fila desa foto, co Grupo de Goberno e os cargos da Xunta que participaron no acto, colocando ao Tenente Alcalde no lugar de Santiago Rodríguez, que sería realmente o correcto. A montaxe, como ben puidestes ver, é bastante pobre, moi pobre, sen encadRAR e incluso borrando as pernas dun concelleiro do PP, neste caso, Luís, e que demostra que era un simple exemplo feito no momento e non un traballo de edición profesional, que tamén sabemos facelos. Como dixemos, a imaxe retocada pasouse por WhatsApp e, polo tanto, quedou no arquivo de imaxes, e o día 15/10, antes da licitación do saneamento, dásele a orde a empresa de que publique a mencionada licitación e que illustre coa imaxe das escaleiras coa Conselleira. Nese momento, prodúcese este erro tan fatídico, e súbese a foto editada, a imaxe permanece publicada 15 días sen que ninguén fose consciente do erro, ata a denuncia do Partido Popular de Salceda.

Terceiro, as claves: Primeiro, a imaxe oficial foi publicada correctamente o mesmo día da sinatura do convenio, non tería sentido que logo se fixese a suposta manipulación, non hai mala fe. Segundo, a imaxe modificada permaneceu publicada 15 días sen que ninguén fose consciente, cando o PP destapou o problema, o Goberno foi o primeiro sorprendido e, antes de nada, pediu desculpas, porque, evidentemente, esa imaxe non tiña que estar publicada. Terceiro, unha vez analizada a situación e entendido que foi o que pasou, consideramos que é un erro humano polo cal se apercebiu a empresa. Cuarto, a xestión de redes consideramos que é impecable, con respecto institucional tanto á Corporación como ás demais administracións, polo que un erro humano non pode significar o contrario. E quinto, é unha mágoa que isto sexa importante para o Partido Popular non só de Salceda, senón o provincial e incluso o autonómico, a foto, ese é o problema e non os temas realmente que afectan a Salceda, o transporte, o enlace da Láguela, o centro de día, Galiña Azul, vivenda, pediatría, novo pavillón, case todo é competencia da Xunta, por certo. Igual que é unha mágoa que o presidente da Deputación, Luís López, presida unha concentración en Salceda na que a inmensa maioría eran cargos liberados do Partido Popular, e non veña a Salceda cada vez que se lle convida ben sexa o Concello ou ben sexan as entidades sociais do noso concello. E o señor Santiago Rodríguez, 2.813 votos suman máis que 2.411, dígallo tamén ao Presidente da Deputación, que parece que non o sabe, chamase democracia representativa.

Esta estratexia que usou, efectivamente, mancha a imaxe política de todos e todas nós, da Corporación enteira de Salceda. Exerza a súa función de oposición con honorabilidade, sumando no lugar de opoñerse a todo e non pretenda crear cortinas de fume con temas

como da foto porque o seu liderado estea cuestionado. 2011, 2015, 2019, 2023 e supoñemos que 2027, cinco veces presentándose en unha dura carga. Valedora do Pobo, fíxese, vostedes van coa foto e o Concello, da man dos colectivos sociais, van co transporte. Pídlle como máxima representante da veciñanza de Salceda de Caselas, que o desfile de cargos do PP do noso Concello non sexa para concentración senón para anunciar obras e infraestruturas para o noso pobo.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Vin un baile de debate de se se representan a 2.400 ou a 2.800, *bueno*, todos os concelleiros, todos a cada un de nós, representamos a todo corpo electoral, aos que nos votan, aos que non, aos que non lle dá gana de votar, e os que son menores de idade, entón, realmente, nin Santi representa a 2.400 nin o resto representamos a 2.800, representamos todos a todo. E, en segundo lugar, para min é duro este punto porque dada a situación actual de cuestionamento da política en xeral no que creo que é o máis damnificado neste momento e o partido que represento, fáiseme moi duro este tipo de temas. Non me gustou o erro, como xa dixen na anterior intervención, agora tampouco me gustou, cando foi, por exemplo, o do saneamento de Entenza que se quitaran a foto Pablo Castillo con Santi, e creo que estaba Luís naquel momento, mentres os demais membros da Corporación estábamos agardando. Eu creo que o mellor, se o Partido Popular non está de acordo co protocolo existente, o mellor é debater un cambio de protocolo, non sei se é legal facer un cambio de protocolo na colocación dos cargos para quitar as fotos, e resolver o tema dunha vez.

Sr. Guerra García: Nós no Pleno de outubro dixemos que este asunto era un asunto impresentable. Dito isto, as explicacións que acaba de dar a señora Alcaldesa, a nós xa nolas deu antes deste Pleno e non difire en nada do que pensabamos. Eu entendo que o Partido Popular necesita unha campaña permanente pois venlle ben, agora, a nós gustaríanos esta foto que é un acto convocado por este Concello, polo Goberno municipal deste Concello, esta foto e un texto aparecen no mesmo día en que, creo que a maioría desta Corporación estaba visitando as obras de Entenza, antes do mediodía xa estaban nos medios de comunicación. A Deputación tamén tiña a mesma nota, era unha nota da Deputación, e, polo que teño escoitado, polo que me teñen contado, nas redes sociais do señor Rodríguez Davila, ata hai uns días tamén estaba a mesma nota. Se estivésemos falando de alguén que non anda con este tipo de cousas, ata pensaríamos que hai un sentimento profundo de ofensa, agora, aquí, nesta foto, e que non se quita a ninguén, simplemente ocúltase ao resto da Corporación que non é o Partido Popular nun acto convocado por este Concello, polo Goberno local deste Concello e con representación de todos os grupos, neste acto e aquí ocúltase, por quen goberna a Deputación... Eu preguntome se o señor Rodríguez Davila está disposto a transmitir á Deputación unha reprobación do señor Pablo Castillo, Deputado Provincial, por esta nota.

Sr. Rodríguez Davila: Señora Alcaldesa, vólvolle a reiterar: o de que é un erro non cre nin vostede porque sabe que non foi un erro, porque sabe perfectamente o que estaban a facer, porque sabe perfectamente que é o que lle mandou facer, e se fose iso un erro, e se fose verdade o que nos acaba de contar, que é unha milonga, como diría o señor Sánchez: “vaia inventada”, se fose así o do protocolo, por certo, onde está o protocolo? Onde está o Regulamento de protocolo do noso Concello? Máis de 50 anos de existencia en todas as fotos cada un púxose onde quixo, onde puido, onde lle deixaron pero non hoxe, non a

semana pasada, senón hai 5 anos, hai 10 anos, hai 15, hai 20, pero que vindes agora con esta milonga do protocolo? E aínda por encima unha falta de respecto, unha vez de máis, ríndose e *cachondeándose* cunha sorna, unha falta de respecto indigna de alguén que preside unha Corporación municipal, e vostedes todos avalando actitudes de sorna, de *cachondeo* e de falta de respecto aos 2.411 veciños, señor Xurxo. Vostede aquí ten que dicir se está ou non de acordo coa actitude, nada máis, non me veña con historias. Igual que o señor Salustiano. Se apoian ou non esta decisión da señora Alcaldesa, se están de acordo con esa decisión, si ou non, e non me veñan con contos doutras historias, e á parte de que sexa falso o que acaba de dicir vostede da publicación nas miñas redes, iso é falso o que acaba de dicir. Pero iso é outra cuestión, porque pretenden desviar o que hoxe pretendemos aquí decidir esta Corporación: se vostedes apoian ou non á señora Alcaldesa nesa decisión, se vostedes seguen amparando unha indigna decisión reprobable nun acto que, como dixen antes, xamais se produciu en Salceda en 50 anos de democracia. E se fose iso verdade, que é falso rotundamente, oia, como é que non me colocaron a min no sitio que me correspondería segundo a súa interpretación do protocolo? Como é que me borraron e non me puxeron en ningún lado? E non me puxeron na segunda, na terceira, na cuarta fila desa fotografía, non, elimináronme. Polo tanto, iso non cola, iso é mentira, iso é falso, iso é indigno de alguén que preside este Pleno, señora Dolores Castiñeira, e por iso lle digo e lle reitero que esa decisión indigna a vai a perseguir toda a súa vida política, non o dubide, e vámoslo recordar de aquí ao final deste mandato, non teña dúbida.

O problema non é a foto, o problema non é a eliminación da foto, como teño dito, que tamén, senón que é a suplantación dun cargo público que representa a eses 2.400 veciños como mínimo, que foron os que nos elixiron nas urnas, a nós por iso temos 6 concelleiros e outros teñen 4 concelleiros, vostedes teñen 2 e outros teñen 1. Iso é o grave, a eliminación e suplantación deses veciños que así o decidiron.

Polo tanto, como dixen antes, a incoherencia e as actuacións impropias de quen pretende e di ser e querer ser a representante de todos nós, pois loxicamente non é deste Grupo maioritario por moitas accións e, sobre todo, por actitudes que demostra en moitos plenos, en actos, en manifestacións, en interpretacións e loxicamente, e gravemente, por esta decisión de eliminación da miña imaxe nesa fotografía.

Sr. Rodríguez Canosa: Súmome ao compañeiro do Grupo mixto, BNG, no respecto da reprobación da Deputación de Pontevedra, estou esperando a que a faga tamén e pode contestar sobre iso, que creo que é bastante relacionado ao tema.

Centrándonos na reprobación, primeiro creo que debemos ver un pouco que significa iso, é unha palabra así tan estraña, unha reprobación, segundo a xurisprudencia do Tribunal Supremo, é lexítima pero só se se cumpren certas condicións, as condicións: que o motivo estea dentro das competencias do Pleno e a súa función de control, que se refira a asuntos relevantes para o propio ámbito municipal, que exista unha xustificación no interese xeral ou que se adopte con proporcionalidade e ponderación; podemos comprobar que non é ningún destes temas, a cuestión da fotografía non cumpre con nada disto, digamos que é máis un interese particular do señor Rodríguez Davila que o posible interese xeral que si que sería reprobable ou de reprobación. E segundo, creo que temos que defender que non hai lugar a reprobación, con base en que, como xa explicou a señora Alcaldesa, foi un erro, e sobre todo



que pedimos desculpas públicas, cantas veces pediu desculpas ao señor Rodríguez Davila por esas formas que ten de xogar o seu partido? Cantas veces asumiu vostede un erro propio ou do seu partido? Cero, todos o sabemos. Porque é unha linguaxe que vostede non coñece. Equivocarse é de sabios, pedir desculpas é de persoas, pero nin vostede, nin Luis López, nin ninguén dos cargos que se concentraron saben o que iso significa, porque non miran máis alá da súa figura, nin esa concentración, nin esta reprobación teñen sentido trala cordialidade que hai tras unhas desculpas. Porque, si, desculpámonos, nós somos un grupo humilde aínda que vostede nos queira vestir con outros traxes ou con outros disfraces e se nos equivocamos, dicímolo, incluso llo dicimos directamente á propia persoa, aínda que sexa a través dun WhatsApp, aínda que sexa dese xeito, porque é directo e é no momento. Pero vostede non se equivoque, señor Rodríguez Davila, porque esa camaradería e ese apoio que atopou nos cargos a soldo de institucións do Partido Popular era un premio de consolación, e vostede ben o sabe, era unha palmadiña nas costas, e non porque sentiran algo de empatía con vostede, porque todo mundo sabe que o que vostede quería era ser deputado e iso non llo deron. Porque todo o mundo sabe en Salceda, e todo o mundo fala, que vostede tentou hai cinco meses que dimitirá o alcalde do Porriño como a deputado provincial para poder entrar vostede, e non só non dimitiu, non, senón que o propio presidente da Deputación apoiou o alcalde do Porriño e todas e todos apoiaron o alcalde do Porriño como deputado. Esa, señor Santiago Rodríguez Davila, si que é a foto, esa si que foi a foto na que borraron a Santi, e foi borrado polo propio Partido Popular.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Non quero entrar en guerras de reproches, nin de fotos. Solicito que se avalíe o tema do protocolo a nivel municipal e que se respecte.

Sr. Rodríguez Davila: Cando un desvía o foco do debate que nos pon enriba da mesa esta moción, cando un intenta saírse pola tanxente, por camiños incorrectos respecto deste debate, xa demostra que non interesa posicionarse, e aquí xa lle dixen directamente, señor Xurxo, vostedes teñen que votar si, non ou abstención da acción e actitude e a decisión da alcaldesa de eliminación dunha foto oficial dun cargo público dun concelleiro desta corporación, nada máis, non veña con historias. E con iso vostedes se van a retratar nese sentido, ao igual que o señor Salustiano, exactamente o mesmo, cada un, loxicamente, é libre de votar o que considere, agora ben, en función diso, vostedes demostran publicamente se avalan ou non estas accións.

En canto ao que di o señor Alejandro Canosa, pois loxicamente non lle vou entrar porque iso é o que pretenden, desviar a atención, e aquí o que se debate e o que pretendemos reprobar é esa decisión, non un erro, senón unha acción sabendo o que se estaba a facer, da eliminación dun cargo público con representación nesta Corporación dunha fotografía oficial. Non é só a eliminación senón a suplantación da persoa, do cargo público do concelleiro por outra persoa, que non é iso de sacarte dunha foto, como pasa moitas veces cando te sacan de lado ou te tapan en moitos concellos. Non, aquí é a suplantación directa e pura dun concelleiro, dun cargo público, que é a grave diferenza e é o grave suceso que, lamentablemente, perpetuou a señora Alcaldesa. E reitero, non é a miña persoa a título de individual, é ao representante deses 2.400 veciños, xunto cos meus compañeiros, nesta corporación municipal, nun Pleno democrático, despois dunhas eleccións democráticas, despois duns votos nunhas urnas, nunhas eleccións e, polo tanto, é atentado contra o propio sistema democrático porque, como digo, preténdese ou pretendeuse suplantar a ese

representante por outro, como así sucedeu. E iso é indigno ou máis ben propio de ditaduras, que é o que se pretende aquí a través de amordazar, invisibilizar e calar a este grupo maioritario a través do seu portavoz. Por certo, portavoz e grupo e partido que, reiteradamente, gaña as eleccións municipais a pesar de que a moitos non lles guste, pero aquí estamos coa cabeza ben levantada e non se preocupe polo futuro de cada un de nós, señores de Movemento Salceda, porque seremos nós, serán os nosos militantes, a nosa organización quen decida en cada momento e nós, insisto, a título persoal onde estamos ou onde estaremos nos seguintes meses e anos, non o desexo dalgúns ou dalgunhas que ben sei que hai moito tempo que desexarían que estiveramos noutro lado. O certo e verdade é que tamén entendo a rabia que é que Movemento Salceda non teña ningún deputado provincial polo que loitar ou pelexar, sorte que tiveren ser e, seguramente, volverei a ter a sorte de ser, non só deputado, senón aquilo no que os meus compañeiros, veciños e o partido así o decida. Señora Alcaldesa remato como empecei, vostede non debería seguir presidindo este Pleno, vostede debería ter presentada a súa dimisión porque vostede, a súa acción, atacou directamente a democracia intentando suplantar un cargo desta Corporación elixido democraticamente nunhas urnas, nunhas eleccións democráticas municipais polos veciños e, polo tanto, vostede con esa acción tivo un tic autoritario indigno dunha democracia plena como é a nosa. Polo tanto, o noso voto vai ser contundente da reprobación á súa acción e a esa acción e esa decisión e, insisto, e lle recordo que a vai perseguir toda a súa vida política. Vostede, non é digna de seguir presidindo este Pleno.

Sra. Alcaldesa: Imos votar a moción, creo que xa quedou claro na exposición do compañeiro Álex que isto non é motivo dunha reprobación, e se o fose, eu creo que a reprobación queda invalidada no momento no que se piden desculpas e se acepta que se cometeu un erro. Pero a vostede, nin iso lle valeu, nin as desculpas públicas, nin as desculpas persoais, nin a asunción dese erro, que eu creo que, en todo caso, nos humaniza, que é o que precisa a política: humanización e non tanta *performance*. Eu pedinlle desculpas, pídollas novamente, foi un erro e é a primeira vez que se reproba a Alcaldía e fíxense o motivo, unha imaxe na que se admite ademais que houbo un erro e se pediron desculpas. Eu creo que a Política local, xa que o resto está moi enlamada, debера ser un pouco menos peliculeira, Santi, centrarse noutras cousas e na vosa función de oposición e fiscalización dedicarvos, na miña humilde opinión, a presentar proxectos, melloras e a conseguir servizos para Salceda e non a pór no foco a Salceda por esta cuestión. A min, teño que dicilo, avergoñoume moitísimo que alcaldes e alcaldesas de toda Galicia fixeran referencia a esta polémica con moitísima sorna cara a vosa actitude, non me gustou que Salceda estivese non a foco por este motivo, esa é a realidade. En definitiva, avergoñame esta situación e estou segura, ou espero, que non se volva dar e que espero que esteades á altura de Salceda e fagades política á altura de Salceda, que é o que os veciños e as veciñas merecen.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción presentada polo Grupo municipal do PP, esta resulta rexeitada por SEIS VOTOS a favor dos/as concelleiros/as do Grupo municipal PP (6) e SETE VOTOS en contra dos/as concelleiros/as do Grupo municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) BNG (1).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Dación de conta de decretos desde o núm. 2025-1338 de 27 de outubro ata o núm. 2025-1577 de 12 de decembro

Queda dada conta.

Expediente 1955/2025. Dación de conta do informe de Tesourería s/ período medio de pago do 2º trimestre de 2025

Queda dada conta.

Expediente 2791/2025. Dación de conta dos informes de Tesourería s/ período medio de pago e morosidade do 3º trimestre de 2025

Queda dada conta.

Sr. Núñez Troncoso: Simplemente polo informe de Tesoureira do período medio de pago, vemos que temos o período medio de pago das entidades locais a nivel nacional a 27,65 días, ou sexa, cumpren a condición, o requisito de menos de 30 días que regula a lei e nós agora mesmo temos aquí en Salceda, pois 131 días, ese é un dato que di moito de como se xestiona o orzamento neste Concello.

C) ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTAS:

Sr. Rodríguez Davila: Queríamos saber, porque nestes días estamos recibindo os veciños unha carta marabillosa da señora Alcaldesa, unha felicitación a toda cor, señor Salustiano para isto vostede apoia a señora Alcaldesa, para gastar cartos que non temos, pero logo os provedores non pasa nada que voten medio ano, un ano para cobrar, queríamos saber, se nos poden dicir, canto lle vai custar isto ás arcas municipais do Concello, é dicir, aos veciños.

Sra. Alcaldesa: Nin sequera no Nadal lle entra o espírito *navideño*, eu creo que é normal, nestes días levo recibido postais de Pontearreas, de Tomiño, de moitísimos concellos e administracións e da Deputación, a Deputación incluso tivo un detallino de mandarnos unha cunquiña para beber viño de artesanía galega, moi chula. Eu creo que dirixirse unha vez ao ano aos veciños felicitándolles o Nadal e desexándolles prosperidade para o 26 é algo que se fai en todos os Concellos, e cando saibamos o custo, trasladarémollos, que seguramente correos non tardará en facturárnolo. Desde logo non é o primeiro ano e seguiremolo facendo, como se fixo sempre neste Concello, por certo, cando gobernaba o Partido Popular, creo que tamén se mandaban bandexiñas ou reloxos ou cousas así. Neste caso é unha postal en papel, si, a toda cor.

Sr. Rodríguez Davila: O certo e verdade é que omite aos membros da Corporación que naqueles momentos os provedores cobraban e, agora, o Concello a punto de ser intervido e resulta que gastamos miles de euros cando se pode facer a través das redes sociais ás que



tan marabillosamente lle pegan vostedes.

Sr. Núñez Troncoso: Con data de 7 de novembro pedín a documentación relacionada coas indemnizacións aboadas aos traballadores tras as sentenzas que gañaron desde o período de 2015-2025 cando, como ben sabemos todos, desde o 2017 esa información, documentación, está informatizada a través da aplicación Gestiona. Por que non se me facilita esa documentación?

Sra. Alcaldesa: Creo que recibiu a resposta da secretaria por escrito de cal era o motivo.

Sr. Núñez Troncoso: Si, o motivo que podería implicar, en resumo, moita carga de traballo porque estaba en papel, pero acabo de dicir que desde o 2017 está a aplicación Gestiona funcionando. É darlle a unha tecla e pouco máis, non hai que ir ao arquivo a buscar a documentación, señora Alcaldesa, por que non se me dá a información que está informatizada a través do Gestiona?

Sra. Alcaldesa: Repito, a esa pregunta respondeu por escrito a secretaria municipal.

Sr. Núñez Troncoso: E se volveu a presentar por rexistro a contestación a ese escrito e a día de hoxe sigo sen ter a documentación, señora Alcaldesa.

Sr. Núñez Troncoso: Outra documentación que solicitei, neste caso o 24 de setembro, con relación aos gastos ou custo da Festa dos Callos, cal é o motivo de que tampouco a día de hoxe teña esa información?

Sra. Alcaldesa: Vostedes e o resto de grupos políticos teñen acceso a toda documentación por Rexistro, eu creo que hoxe aínda asinei dous accesos ao rexistro de Vanessa. Aquí non se oculta absolutamente nada. Vostede ten que exercer á súa función, que é a de fiscalización, non pretenda sobrecargar os diferentes departamentos con: “señores búsqüenme a listaxe de todo ano de facturas de callos, as sentenzas desde 2007 de...” Non, a ver, exerzan, son seis, a súa función de fiscalización.

Sr. Rodríguez Canosa: Teño que recoñecer que, nese caso, foi culpa miña, agora, cando o dixeches acordeime de que teño que facer o informe que me trasladaron de Secretaría, que o pedira, e xusto nese momento, como faltaba aínda un informe de Tesoureira para engadir, a verdade é que despois pasouseme por completo. Mañá, se podo ou senón para a semana.

Sra. Pérez Cabaleiro: Simplemente queremos saber como se financiou a iluminación de Nadal deste ano no Concello.

Sra. González Luis: O Concello de Salceda de Caselas asume integramente o custo da iluminación de prazas, parques e demais zonas humanizadas da vila, todas aquelas zonas que son de uso comercial, que non son parques, prazas ou zonas humanizadas, chegouse a un acordo co tecido comercial que asistiu á reunión á que se convidou a máis de 150 comercios de todo o territorio de Salceda de Caselas e os propios comerciantes que estaban, chegaron a un acordo de que aqueles que así o quixeran darían un donativo de, aproximadamente, 50 € para mellorar a iluminación desas zonas comerciais. Aclarouse tamén que o Concello



colaboraría con esa colocación e déronse tamén as cifras da cantidade de arcos nesas zonas que se puxeron o ano anterior e cantos foron financiados polo Concello e cantos foron financiados polo comercio. Catro arcos e medio. O ano pasado coa recadación que se fixo, a colaboración do comercio pagou en todo Salceda de Caselas catro arcos e medio, o resto de toda iluminación púxo a o Concello. Catro arcos e medio foi o que pagou o comercio o ano pasado, todo o resto de iluminación incluído o resto de arcos, falamos de zona urbana e tamén dalgún que se puxou nas parroquias, foron financiados polo Concello.

Sr. Lorenzo Rodríguez: Respecto ao saneamento do Carballal, na Picoña, vemos que a aula unitaria está sen conectar ao dito saneamento, a pregunta é para cando se ten previsto?

Sra. Alcaldesa: O último comité do Consorcio foi a semana pasada, o xoves da semana pasada, por fin se adscribiu a obra ao Consorcio. A partir de xa farase a súa conexión. A obra recibímolos nós e logo ten que pasar polo comité do Consorcio do Louro para a súa adscripción e recepción.

Sr. Lorenzo Rodríguez: Respecto da aula unitaria que está pechada, como se ten previsto alí o saneamento? Por caída libre? Por bombeo?

Sra. Alcaldesa: De momento, o proxecto foi planificado para caída. Non sei se sabes, Iván, que hai un proxecto para reformular, para reformar esa aula e en función de onde vaian localizados definitivamente os baños e algunha ducha que se formulou, deixouse a arqueta de saneamento pero non sabemos aínda por onde vai ir, pero a previsión é que vaia por caída.

Sr. Troncoso Estévez: Xa se previu unha profundidade do pozo o suficientemente profundo, valla a redundancia, para que nun posible futuro enganche a antiga escola do mestre.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Hai un aparcamento, que entendo que é dos que se chaman disuasorios, que está cedido entre a rúa Brasil e rúa Arxentina.

Sra. Alcaldesa: Se falas do recinto localizado, que a entrada está entre a rúa Pontevedra e rúa Brasil, ese non está cedido ao Concello. O que pasa é que algún día iso se cedeu a unha comisión, a xente interiorizou que era un aparcadoiro disuasorio dos cedidos polo Concello e dos 21 que temos cedidos, ningún é ese. Necesita arranxo, si.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Non é arranxo, é que basicamente hai coches que entran e saen por riba da beirarrúa, hai un aramado alí co que é bastante fácil ir chocar cando saes, entón unha de dúas, ou se consegue que se ceda e se pon en condicións ou mellor pechalo, porque realmente, sobre todo, en días de mercado e cando hai actividades, se non está cedido, está sendo bastante usado.

Sra. Alcaldesa: Realmente esa parcela está pensada para a vivenda e ademais agardamos que se desenvolva pronto.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Saíra na prensa hai un ano agora, tamén, o tema da rúa nova que uniría a rúa Brasil coa praza do Concello, hai algún avance niso? Sábese algo?



Sra. Alcaldesa: Pois este é un dos temas máis importantes para este Goberno dentro do proxecto de apertura de vías municipais. Este xoves tivemos a última reunión ou, polo menos, ata o de agora, a última reunión coas persoas propietarias. Despois do proceso de normalización de predios que se aprobou en Xunta de Goberno en outubro deste ano, a situación agora mesmo é que existen varios recursos sobre ese proceso de normalización, polo tanto, se hai varios recursos, enténdese que non hai acordos sobre esa distribución. O que ten claro o Goberno e, de feito, xa camiñamos, e nos vindeiros días presentáremosvos o proxecto da nova rúa, está practicamente rematado. Apostamos por investir 18.000 euros dentro do Máis Provincia para a redacción dese proxecto, e como digo, está practicamente rematado. Nos avanzamos con esa rúa. Tamén é certo que vista a falta de avance no outro eido, sabedes que sempre falamos dun espazo para lecer pero tamén pensado na necesidade de vivenda para Salceda, o que temos claro é que nós non vamos parar. Nesa reunión falouse de posibles alternativas como é a expropiación e outra segunda vía que é a permuta forzosa. Por sorte o Concello dispón de terreos que pode permutar, no PERI, tanto o polígono da Gándara como o polígono na Devesa, e é unha figura totalmente lícita e na que estamos pensando seriamente. O Goberno tamén traballa outra liña a través do IBUS de cesión de parcelas, e por iso tamén outra das posibilidades é estudar a expropiación. Nos vindeiros días comunicáremosvos os avances neste eido.

Sr. Gregorio Vaqueiro: No centro de saúde hai un estacionamento para prazas de discapacitados e bastante grande. Problema: é bastante incómodo sacar unha persoa en cadeira de rodas cando chove, sería factible algún tipo de viseira ou algo para solucionar iso?

Sr. Rodríguez Canosa: Agora mesmo non me dou de conta, en todo caso, estudarase coa Policía Local e co equipo técnico de urbanismo, de cara a posibilidades. A verdade é que me parece unha idea acertada, pero non podó dicirche máis.

Sr. Guerra García: Cando se deron de conta de que non había sinal de dirección prohibida na rúa Ador no entroncamento coa Joaquín Fernández Sestelo? Si, pero cando se deron de conta de que non había, porque no Pleno, negou, dixo que había unha de dirección obrigatoria para continuar para adiante. Non era certo, miramos que colocaron o sinal cando se deron de conta.

Sra. Alcaldesa: Hai un sinal de obrigatoriedade que se salta todo mundo, cando saes do aparcadoiro, na columna, na luz, hai un sinal.

Sr. Guerra García: Eu digo o tráfico que vén da rotonda, non ten ningún sinal de obrigatoria para adiante.

Sra. Alcaldesa: Cando saes do aparcadoiro, hai un sinal de obrigatoriedade. Eu ese día, cando ti ou propuxeches, que che dixen que efectivamente existía un sinal de obrigatoriedade máis esa pintura que está desgastada e hai que volver a pintala, que obriga claramente a ir cara adiante porque é de liña continua, díxenche que cabía un sinal de obrigatoriedade. Efectivamente, ti cando ves de Parderrubias, de Soutelo, non ves ningún sinal, e cando fomos alí coa Policía, exactamente o que estás a dicir, o que dixeches que había que reforzar cun sinal de prohibido era necesaria e fíxose. Grazas.



Sr. Rodríguez Davila: Rematamos o ano por sorte os que aquí estamos, desgraciadamente para moitos salcedenses, pois hoxe mesmo despedimos a unha delas, pois non todos os que comezamos o podemos despedir, pero tamén é certo que neste transcurso dos últimos case 365 días pois tamén naceron novos salcedenses, polo tanto, recordamos os que se nos foron e recibimos os que chegaron.

Poderíamos facer un balance anual, politicamente falando, pero xa afearíamos a felicitación de Nadal e non é ese o meu interese, porque, lamentablemente, pois non é o mesmo positivamente falando nin unha cousa que a outra.

Tamén quero, en nome deste grupo maioritario, felicitar o Nadal a aqueles que aínda non sendo crentes celebran o Nadal e respectando o que se celebra en Nadal, que ás veces hai que recordalo, porque moitos se suman á celebración pretendendo esquecer o que se celebra, e o que se celebra é loxicamente o nacemento dos que cremos en Xesús, e en Cristo. E espero e desexo, como digo sempre, que a todos nos vaia ben no persoal, que a xente que teña anhelos de conseguir no ano 26 aquilo que non foron capaces de conseguir no ano 25 o consigan e que, sobre todo, que teñamos saúde que con iso e logo sumando esforzo, traballo e a implicación de cadaquén, coa axuda dos que nos rodean, seguramente vamos a superar o día a día do que a vida nos vaia a pór por diante no ano 26. Polo tanto bo Nadal a todos, boas festas e que o ano que vén sexa bo en todos os sentidos para todos os salcedenses e os veciños en xeral de Galicia e de España.

Sra. Alcaldesa: Pois moi ben, antes de levantar a sesión eu tamén como alcaldesa e responsable do noso Concello, máxima responsable, encantaríame darvos os mellores desexos e un bo Nadal. Para min son as festas das que me gusta moitísimo desfrutar, dicíao Santi, hoxe morreu un Lola con 99 anos, fomos a despedila. A vida segue, uns vanse, outros veñen, pero eu son partidaria de vivir sempre as cousas con moita intensidade. Foi un ano moi bo no político, creo que o 26 vai ser tamén moi positivo e a pesar das diferenzas políticas que moitas veces se manifestan nesta sesión plenaria eu sempre presumo, no fondo, do respecto que nos temos neste salón de plenos e agardo que así sexa por moito tempo. Vendo o que acontece nos outros concellos e nos outros plenos, creo que aquí somos bastante exemplares, e iso tamén representa a nosa veciñanza, unha veciñanza á que lle gusta a tranquilidade, á que lle gusta vivir nunha contorna segura, que acepta a diversidade, que acepta a diferenza, que pensa nos colectivos minoritarios, somos un pobo que acolle, que recibe, e quero que Salceda siga sendo así. Estamos orgullosos e orgullosas de pertencer a esta vila, unha vila á que lle desexamos o mellor e felicitamos o Nadal. Bo Nadal a todos e todas, veciños.

Sr. Guerra García: Só lembrarlles aos veciños e ás veciñas unha gran verdade: despois das badaladas que pensen que ano novo e vida vella. Boas festas a todos.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Simplemente: boas festas e feliz 2026 a todos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

